

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 7

SESION ORDINARIA DO 28 DE MAIO DE 2012

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero, Cayetano

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Velooso Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

NON ASISTEN:

García Míguez, M^a Angeles
Silva Rego, M^a Carmen

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e sete minutos do día vinte e oito de maio do ano dous mil doce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova

Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Están ausentes as Sras. García Míguez (desculpa a súa ausencia) e Silva Rego. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

A PRESIDENCIA: Bos días, señoras e señores concelleiros, iniciamos o Pleno do Concello en sesión ordinaria con orde do día do 24 de maio que obra en poder das señoras e señores concelleiros. Constátase quórum e ábrese sesión pública.

PARTE RESOLUTIVA

1.-(88).- ACTAS ANTERIORES. (SESIÓN ORDINARIA 30.04.12)

(Están ausentes as Sras. García Miguez, do Grupo Popular, e Silva Rego do Grupo Socialista).

Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria do 30 de abril de 2012.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

Non se formularon.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.1.- (89).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DA TESOURERÍA MUNICIPAL SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGAMENTO DAS

OBRIGAS DO CONCELLO PREVISTOS NA LEI 15/2010,
CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DO ANO 2012. EXPTE.
7201/540 (473/1101)

ANTECEDENTES.- O Tesoureiro do Concello de Vigo, por escrito de data 26 de abril de 2012, informa do que segue:

“LEXISLACIÓN APLICABLE.-

- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (vixente ata o 16 de decembro de 2011).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (vixente a partir do 17 de decembro de 2011).

INFORME.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigacións de cada entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral é, polo tanto, as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos.

A estes efectos, o apartado 4º do artigo 200 da Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público, na súa redacción dada pola Lei 15/2010, establece que *“A Administración terá a obrigación de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato, sen prexuízo do prazo especial establecido no artigo 205.4, e, se se demorase, deberá aboar ao contratista, a partir do cumprimento de devandito prazo de trinta días, os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Cando non proceda a expedición de certificación de obra e a data de recibo da factura ou solicitude de pago equivalente se preste a dúbida ou sexa anterior á recepción das mercancías ou á prestación dos servizos, o prazo de trinta días contarase desde devandita data de recepción ou prestación.”*

Agora ben, segundo o disposto na disposición transitoria oitava da citada Lei de

Contratos, o prazo de trinta días ao que se refire o apartado 4º do artigo 200 desta Lei aplicarase a partir do 1 de xaneiro de 2013, pois dende o 7 de xullo de 2010, data da entrada en vigor da Lei 15/2010, e ata o 31 de decembro de 2010, o prazo no que as Administracións teñen a obrigaón de aboar o prezo das obrigaóns ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos cincuenta e cinco días seguintes á data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

Pola súa banda, entre o 1 de xaneiro de 2011 e o 31 de decembro de 2011, o prazo no que as Administracións teñen a obrigaón de abonar o prezo das obrigaóns ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos cincuenta días seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

Finalmente, entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2012, o prazo no que as Administracións teñen a obrigaón de aboar o prezo das obrigaóns ás que se refire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos corenta días seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato. En idéntico sentido pronúncianse o artigo 216 e a disposición transitoria 6ª do Real Decreto Lexislativo 3/2011.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou unha guía para a elaboración dos informes trimestrais que as entidades locais han de remitir ao Ministerio de Economía e Facenda, en cumprimento do artigo cuarto da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio, que dispón que os informes, referidos ao último día de cada trimestre natural, haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo. Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- a) Pagamentos realizados no trimestre.
- b) Intereses de demora pagados no trimestre.
- c) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do trimestre.
- d) Facturas ou documentos xustificativos con respecto ás cales, ao final de cada trimestre natural, transcorresen máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitasen os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o funcionario que subscribe ten a ben remitir ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigaóns correspondentes ao 1º trimestre do exercicio 2012 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos se corresponden cos pagos realizados no trimestre e coas obrigaóns pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, segundo os datos contidos na base de datos de

contabilidade do Concello de Vigo.

Resume das principais magnitudes contidas no informe:

a) Pagos realizados no trimestre.

Dentro do período legal de pago:

- Número de pagos: 1.821
- Importe total: 29.737.966,56 euros

Fóra do período legal de pago:

- Número de pagos: 413
- Importe total: 3.974.625,59 euros

Período medio de pago (PMP): 36,85 días

O "*Período medio de pago*" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días media que se tardou en realizar os pagamentos.

Período medio de pagamento excedido (PMPE): 28,98 días

O "*Período medio de pagamento excedido*" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días media que as operacións pagadas fóra de prazo excederon do prazo legal.

b) Intereses de demora pagados no trimestre.

- Número de pagos: 0
- Importe total de intereses: 0,00 euros

c) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do trimestre.

Dentro do período legal de pago:

- Número de operacións: 234
- Importe total: 1.503.780,67 euros

Fóra do período legal de pago:

- Número de operacións: 60
- Importe total: 351.984,14 euros

Período medio do pendente de pagamento (PMPP): 30,04 días

O "*Período medio do pendente de pagamento*" ao final do trimestre, é o indicador do número de días media de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

Período medio pendente de pagamento excedido (PMPPE): 23,68 días

O "*Período medio do pendente de pagamento excedido*" a final do trimestre, é o indicador do número de días media que as operacións pendentes de pagamento ao final do trimestre excederon do prazo legal.

d) Facturas ou documentos xustificativos con respecto ás cales, ao final de cada trimestre natural, transcorresen máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitasen os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga.

- Número: 0
- Importe total: 0,00 euros

Período medio de operacións pendentes de recoñecemento (PMOPR):
0,00 días.

O "*Período medio de operacións pendentes de recoñecemento*" a que se refire o apartado 4 do artigo quinto da Lei 15/2010, é o indicador do número de días media de antigüidade destas operacións".

No expediente figuran catro cadros contables debidamente numerados e dilixenciados por esta Secretaría Xeral do Pleno.

INTERVENCIÓN DA SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Unha vez máis estamos aquí para dar conta do informe de Tesourería tal e como esixe a Lei do 5 de xullo de 2010, pola que hai que dar conta do estado de Tesourería e do seu nivel de pagamentos, pero pola que tamén hai que dicir se se cumpren ou non os corenta días.

De novo os datos volven reflectir o que vimos dicindo nos últimos plenos: que o período medio de pagamento deste Concello situouse en 36,85 días e polo tanto por debaixo dos 40 días que fixa a Lei de morosidade.

Neste trimestre fixéronse pagamentos por 33 millóns de euros e o máis salientable é que a día de hoxe, tal e como consta na data do informe, non existe pagamento pendente correspondente a este trimestre.

Unha vez máis o informe volve amosar a boa solvencia financeira do Concello de Vigo que é quen de facer fronte aos pagamentos dos seus provedores, que non deixa facturas sen pagar e que non deixa a ninguén na rúa.

A Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do contido do presente expediente.

3.2.- (90).- SOLICITUDE DE D^a ROSA FERNÁNDEZ ALONSO DE DESCATALOGACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DUN TRAMO DO CAMIÑO BARROCA, NA PARROQUIA DE VALLADARES. EXPTE. 19282/240 (462/1101)

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 24 de abril de 2012, o xefe do Servizo de Patrimonio, coa conformidade da concelleira delegada e máis da xefa da área de Réxime Interior, informa do que segue:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).
- Lei 1/2001, do 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil (LEC).
- Real Decreto do 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

1.- D. Juan Fernández Costas e D^a Rosa Fernández Alonso presentaron senllos escritos, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 15.11.2010 e 21.10.2011, respectivamente, solicitando a descatalogación do ramal do camiño da Barroca na parroquia de San Paio de Navia, ao considerar que é de titularidade privada e tratarse dun servizo de paso a favor das fincas lindantes, achegando aos efectos coa solicitude diversa documentación (copia escritura de propiedade das fincas e planos de situación catastral e de deslinde).

2.- Na instrución do expediente leváronse a cabo os trámites procedementais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos

servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta Administración, constando os seguintes:

- Informe do arquitecto municipal da Oficina Técnica de Patrimonio, de data 19.12.2011.
- Informe do Servizo de Limpeza de data 16.04.2012.
- Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia de Urbanismo de data 27.02.2012.

3.- Así mesmo, outorgouse trámite de audiencia á AAVV “Emilio Crespo” de San Paio de Navia e aos propietarios de parcelas lindantes, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que se puideran ver afectados pola solicitude de descatalogación presentada, nos termos dos artigos 31 e 84 LRJAP, non constando que se formulara alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- O tramo do camiño obxecto da presente reclamación, correspóndese co tramo final (a partir da finca con referencia catastral 9633903NG1793S0001MR) do ramal 2-1 do Camiño da Barroca, que figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmobles-viais, folla cartográfica nº 11-30, dunha lonxitude de 55 ml e sección de 3,90 m., con inicio no Camiño Barroca e remate en finca particular.

2.- O Inventario Municipal de bens e dereitos é un rexistro administrativo, que se ben, por si mesmo non proba, crea, nin constitúe dereito ningún a prol da administración (neste sentido o art. 33.4 da LPAP sinala, en relación á Administración Xeral do Estado, que o Inventario non ten a consideración de rexistro público e os datos nel reflectidos non producen efectos fronte a terceiros nin poden ser empregados para facer valer dereitos fronte á propia Administración), sen embargo si constitúe unha ferramenta básica de información e na xestión interna do patrimonio das administracións públicas, así como para o exercicio das facultades que o ordenamento xurídico recoñece ás AAPP respecto ao seu patrimonio.

A inclusión de bens e dereitos en dito rexistro municipal, tal e como dispón a normativa patrimonial de aplicación, acadarase en función daquela documentación en virtude da cal se atribúa a súa titularidade ao Concello e conseguintemente referende os datos reflectidos no inventario. Dita documentación deberá archivarase de xeito separado do resto da documentación administrativa e o seu lugar de arquivo constará consignado no propio inventario (art. 30 do RBEL).

Para o correcto cumprimento de ditos fins, requírese dunha constante actualización e revisión dos seus rexistros, adecuándoos á realidade resultante da propia actuación administrativa, de tal xeito que os seus datos sexan reflexo da realidade patrimonial da Administración, prevéndose regulamentariamente

unha rectificación anual e a súa comprobación cada vez que aconteza a renovación da Corporación (art.33 RBEL).

3.- Son elementos indiciarios da titularidade municipal dun camiño, entre outros, o feito de ser soporte de servizos públicos, que o mantemento do mesmo corra a cargo do Concello e o seu uso público.

Neste senso, a teor do informado polos servizos municipais, pódese sinalar que se trata dun camiño de acceso a propiedades particulares sen ningún tipo de servizos municipais, non afectado polas aliñacións no Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente (informe do arquitecto de Patrimonio), nin aparece grafiado na cartografía municipal antiga (Plano Cominges do 1949 e voo Lecar de 1969), non resultando o tramo solicitado reflectido como camiño nos planos do catastro.

Conseguentemente pódese considerar que este último tramo final do ramal 2-1 do camiño Barroca, dende a parcela do interesado D. Juan Fernández Costas, se ben figura como vía pública no Inventario municipal de bens e dereitos do ano 1993, trátase dun servizo de paso a outras fincas, non apreciándose a concorrencia de circunstancias das que se poida deducir a aparencia do uso público e posesión municipal do devandito tramo, presentándose neste caso a necesidade de proceder á súa rectificación no inventario de viais, actualizando os seus datos e planimetría coa finalidade de axustar dito rexistro á realidade patrimonial do Concello resultante do expediente tramitado, sen que en modo ningún supoña un recoñecemento da propiedade ou titularidade dominical do camiño a prol do reclamante, cuestión esta cuxa resolución compete á xurisdición ordinaria.

4.- Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL)."

Polo anteriormente exposto, o xefe do Servizo de Patrimonio emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O secretario de Administración Municipal, con data 27 de abril de 2012, informa favorablemente o anterior informe-proposta.

A Comisión informativa de Economía, Facenda, Educación e Patrimonio, na súa sesión do 21 de maio de 2012, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

(Están ausentes as Sras. García Míguez do Grupo Popular, e Silva Rego do Grupo Socialista)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da

S. Ordinaria 28.05.12

Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos, anulando a inscrición e grafía (folla 11-30) como vía pública, no epígrafe I Inmobles-Vías, do tramo final do ramal 2-1 do camiño Barrocas na parroquia de San Paio de Navia, a partir do tramo que figura reflectido como camiño na cartografía do Catastro.

Segundo.- Someter o expediente a información pública durante o prazo dun mes aos efectos de resolver eventuais reclamacións.

Terceiro.- O presente acordo quedará automaticamente aprobado como definitivo, se transcorrido o prazo anterior non se presentara ningunha reclamación ou alegación, o que se acreditará mediante a correspondente certificación que a este efecto se expida polo Rexistro Xeral.

3.3.- (91).- SOLICITUDE DE “AUXILIAR DE SERVICIOS TEIS, S.A.”, DE RECTIFICACIÓN DE TITULARIDADE NO INVENTARIO MUNICIPAL DA BAIXADA ÁS ROTEAS EN TEIS. EXPTE. 19430/240 (463/1101)

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 16 de abril de 2012, o xefe do Servizo de Patrimonio, coa conformidade da concelleira delegada e máis da xefa da área de Réxime Interior, informa do que segue:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).
- Lei 1/2001, do 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil (LEC).

S. Ordinaria 28.05.12

- Real Decreto do 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

ANTECEDENTES.

1.- A sociedade AUXILIAR DE SERVICIOS TEIS, S.A., presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 06.02.2012, solicitando a subsanación dun erro existente no Inventario de Bens municipais ao considerar que o tramo final do camiño Baixada á Roteas é unha estrada particular incluída dentro da súa propiedade pola que discorre, e que vai dende o actual camiño de baixada a Roteas ata as naves industriais alí existentes pasando por debaixo da vía do tren, tal e como estima acreditado coa documentación achegada ó expediente.

2.- Na instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedementais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta Administración, constando os seguintes:

- Informe do arquitecto municipal da Oficina Técnica da Unidade de Patrimonio, de datas 17.02.2012, 28.02.2012 e 21.03.2012.
- Informe do Servizo de Fomento, de data 20.02.2012.
- Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 23.02.2012.
- Informe do Servizo de Limpeza, de data 09.03.2012
- Informe do Servizo de Vías e Obras, de data 22.03.2012
- Informe da aparelladora municipal de data 12.04.2012

3.- Así mesmo outorgouse trámite de audiencia á AAVV de Teis, Administración de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) e demais propietarios de parcelas lindantes, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que se puideran ver afectados pola solicitude de descatalogación presentada, nos termos dos artigos 31 e 84 LRJAP, formulándose alegacións por ADIF en data 04.04.2012 nas que manifesta que consonte á documentación do seu Inventario de bens, parte do solo que se veu afectado polo presente expediente é de titularidade desa sociedade.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- Identificación do ben controvertido. O camiño obxecto da presente reclamación figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmobles, como Baixada a Roteas, na parroquia de Teis, con inicio na Avda. Galicia e remate na nave nº 59, dunha lonxitude de 585 ml, como ben de dominio público afecto ao uso público e, na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

De acordo cos informes técnicos, o tramo obxecto de reclamación se corresponde

cos últimos 190 ml do camiño.

2.- Natureza xurídica de ben de dominio público da Baixada a Roteas. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopen afectados ao uso xeral ou ao servizo público, así como aqueles aos que unha lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

3.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das administracións públicas atópase a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo secretario da Corporación local, co visto e prace do presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo aprobouse definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ao 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación seguiu-se o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicábeis non o esixen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992; b) información pública e audiencia aos interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno.

No entanto, é de salientar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, o camiño de referencia foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ao uso público.

Tralo acordo plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos este deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordenamento xurídico atribúe aos actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

4.- Respecto á cuestión da rectificación inventarial solicitada. O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I

do Inventario municipal do tramo final (190 ml) do camiño en cuestión en atención ao seu uso público, ou, no caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, se procede rectificar o inventario dándoo de baixa, dado que a administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ao corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdición civil.

Neste senso, trala instrución do expediente pódense extraer as seguintes consideracións:

A) No presente caso pártese dunha situación inventarial como é a da inclusión dese tramo final da Baixada á Roteas, no Epígrafe I-Vías Públicas do Inventario Municipal de bens e dereitos, figurando grafiado na cartografía de viais na folla 21-18. Dunha lonxitude de 190 ml, discorre polo interior dunha finca catastral, atopándose atravesado pola vía férrea que o voa, e rematando nunhas naves ás que dá servizo, sen servir de comunicación con outras vías públicas.

B) Do informado polos servizos municipais referidos nos antecedentes, dedúcese que dito tramo non dispón de servizos urbanísticos, constituíndo o acceso ao recinto dunha concesión administrativa portuaria, pavimentado pola empresa concesionaria, non existindo constancia que se fagan labores de mantemento polo Concello, nin teña instalado servizos públicos municipais (alumeado público, abastecemento e saneamento); ou se preste o servizo de limpeza ou recollida de lixo nese tramo .

C) O PXOM vixente non establece aliñacións nese tramo da Baixada á Roteas, e da información cartográfica municipal e da do Catastro, resultaría a súa grafía no Plano do voo LECAR do ano 1969, aínda que non no do ano 1956, nin na do Catastro onde figura integrado nunha parcela catastral.

D) Segundo o informado polos servizos técnicos, da documentación achegada ao expediente e información urbanística consultada: as escrituras de data 06.08.1974 e 19.11.2009 fan constar a existencia de parte da estrada particular que vai dende a antiga estrada de Vigo a Redondela ata as edificacións existentes; e por outra banda dito tramo do camiño atópase na actualidade pechado con licenza municipal, chegándose á conclusión, a teor da documentación e informes que obran no expediente, da súa errónea inclusión no IMBD ao parecer xustificada a titularidade privada do mesmo (informe da aparelladora municipal do 12.04.2012).

E) Finalmente, a sociedade de infraestruturas ferroviarias ADIF, no trámite de audiencia que lle foi conferido, alega a súa titularidade sobre un tramo de dito camiño.

Conseguentemente co exposto, e circunscribíndose ao que é obxecto da resolución administrativa a adoptar, a correcta inclusión no Inventario municipal de viais dese tramo final do Camiño Baixada á Roteas, pódese deducir, trala instrución do expediente e a teor dos informes técnicos, documentación e demais circunstancias concurrentes, a súa incorrecta inclusión no epígrafe I Inmobles-

Viais do IMBD, ao non responder na realidade a un camiño de uso público de titularidade municipal, resultando conseguintemente pertinente a rectificación inventarial dándoo de baixa, sen que en modo ningún supoña atribución ou recoñecemento da propiedade ou titularidade dominical do camiño a prol de terceiros, cuestión que compete a xurisdición ordinaria.

5.- Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa presentada. Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL)."

Polo anteriormente exposto, o xefe do Servizo de Patrimonio emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O secretario de Administración Municipal, con data 27 de abril de 2012, informa favorablemente o expediente.

A Comisión informativa de Economía, Facenda, Educación e Patrimonio, na súa sesión do 21 de maio de 2012, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

(Están ausentes as Sras. García Míguez do Grupo Popular, e Silva Rego do Grupo Socialista)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos, anulando a inscrición como vía pública, no epígrafe I Inmobles-Vías, do tramo final do camiño Baixada á Roteas, nunha lonxitude de 190 metros.

Segundo.- Someter o expediente a información pública durante o prazo dun mes aos efectos de resolver eventuais reclamacións.

Terceiro.- O presente acordo quedará automaticamente aprobado como definitivo, se transcorrido o prazo anterior non se presentara ningunha reclamación ou alegación, o que se acreditará mediante a correspondente certificación que a este efecto se expida polo Rexistro Xeral.

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se formularon.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

5.- MOCIÓNS:

5.1.- (92).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO AO GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA A NON APLICAR AS MEDIDAS RELATIVAS Á EDUCACIÓN DO RDL 14/2012 E PRESENTAR RECURSO POR INVASIÓN COMPETENCIAS. EXPTE. 464/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 14 de maio, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Ríos, formula a seguinte moción:

“A comunidade educativa galega a través de diferentes entidades (organizacións sindicais, ANPAS, movementos de renovación pedagóxica, organizacións estudantís, partidos políticos...) constituíu a Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público para manifestar o rexeitamento ao Real Decreto-Lei 14/2012, publicado polo goberno do Estado, para esixir da Consellaría de Educación que non aplique en Galicia ningún dos recortes contidos no RD Lei e que o recorra por invadir as competencias que en materia educativa ten a Xunta de Galicia.

A educación é un dereito que os gobernos teñen a obriga de garantir nas mellores condicións posíbeis. Só a través do ensino público se poden minorar as diferenzas sociais e se poden formar as xeracións do futuro nos valores da liberdade, da igualdade, dos dereitos humanos e da democracia. O ensino non é unha mercadoría. Nunca pode ser medido con criterios de rendibilidade económica. A súa oferta e calidade debe estar garantida para todas e para todos, independentemente da procedencia socioeconómica ou xeográfica de cadaquén, aplicando as medidas compensatorias necesarias para garantir a igualdade de oportunidades. Por iso mesmo, nun momento de crise económica é cando cómpre fortalecer os servizos públicos e manter as dotacións necesarias para que non perdan calidade e para que o conxunto da cidadanía, esa que está a sufrir a crise, non se vexa privada dos seus dereitos.

Mais iso non é o que sucede hoxe. O actual goberno galego veu aplicando sucesivos recortes ao ensino público e reduciu en 425 millóns os orzamentos en relación aos de 2009, o que provocou a perda de máis de 2.000 docentes e a conseguinte falta de dotación necesaria para facer fronte á atención á diversidade, ao reforzo educativo e ás necesidades educativas especiais, é dicir, a todas as necesidades que ten o sistema educativo galego. Xunto a isto, a Administración galega eliminou a gratuidade dos libros de texto e non cobre as baixas do profesorado inferiores a quince días. Gastáronse millóns en tirar con libros por estaren en galego e en facer propaganda da eliminación da gratuidade dos libros, mentres mantiñan e incrementaban as axudas aos centros privados concertados, mesmo cando segregan ao alumnado por sexo.

A sociedade galega non merece que o ensino, onde deben medrar e formarse as xeracións do futuro, sexa tido en tan pouca consideración polo goberno galego. Co pretexto da crise, golpéase, de maneira grave ao ensino público, pondo en cuestión o dereito á educación das clases populares. Por iso, pedímoslle que rectifique e que, como primeira medida, tome posición en contra dos recortes que agora nos quere aplicar o goberno do Estado.

Os recortes que se propoñen buscan reducir o profesorado dos centros (despedindo miles de docentes), incrementar o número de alumnado por aula (masificando as aulas), reagrupar alumnado de diferentes niveis educativos nunha mesma aula e reducir a oferta educativa. Todas estas medidas dificultan o acceso á educación das clases sociais máis desfavorecidas, van contra a calidade do ensino e significan maior fracaso escolar.

Estes recortes van supoñer, de levalos a cabo:

- Incrementar as ratios a 30 alumnos/as en Infantil e Primaria, 36 en Secundaria e 42 en Bacharelato. Esta medida provocará a masificación das aulas, impedirá unha atención personalizado do alumnado e atender as necesidades educativas específicas e suporá menor calidade do ensino e maior fracaso escolar.
- Impoñer unha xornada lectiva semanal mínima para o profesorado de 25 horas en Primaria e 20 en Secundaria. Isto traducirase, entre outras consecuencias, en que o profesorado terá que impartir materias das que non é especialista, completar horario noutros centros, incrementando as itinerancias e dificultará a realización doutros labores necesarios para o funcionamento do centro e para mellorar a calidade do ensino.
- Non substituír ao profesorado de baixa. Será un prexuízo para o centro e para o alumnado que as baixas non se cubran até que pasen catorce días (dez días lectivos). Os centros verán alterado o seu plan de traballo cada vez que se produza unha baixa e o alumnado terá que ser atendido por profesorado de diferentes especialidades á do substituído, conculcando o dereito á educación do propio alumnado.

- Eliminar o requisito de ofertar dúas modalidades de bacharelato. Con graves consecuencias na formación do alumnado, obrigado a desprazarse de non contar na localidade coa modalidade de bacharelato que quere cursar. Afasta os servizos dos ámbitos non urbanos, restando máis poboación ao rural, reduce o acceso ao ensino superior, polas dificultades de gran parte do alumnado de custearse os desprazamentos, incrementando o abandono escolar e dificultando cursar os estudos desexados.
- Adiar a implantación de ciclos de formación profesional. Que prexudica gravemente ás persoas que, precisamente nun momento de crise económica, buscan unha mellor e máis actualizada formación, entre elas moitas persoas paradas.
- Incrementar as taxas universitarias. Trátase dunha suba desorbitada, que pode superar o 50% e que se fixará en función do custo das titulacións. Isto achegará o prezo das matrículas ao que hai nas universidades privadas e impedirá que as universidades públicas continúen a cumprir o papel de inclusión e igualdade social.

Con estes recortes atácase gravemente o ensino público e a súa calidade, así como o dereito de igualdade de oportunidades do alumnado, que aumentará o fracaso escolar e despedirá máis de 2.000 docentes. Por iso, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

Solicitar do Goberno Galego que actúe como tal e non se someta a decisións que van en contra do ensino galego, que se negue, rotunda e publicamente, a aplicar calquera das medidas contidas no RD Lei 14/2012 e presente recurso por invasión de competencias.”

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión do 21 de maio, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. VELOSO RÍOS: Polo Bloque Nacionalista Galego presentamos unha vez máis neste Pleno unha moción falando de educación.

Nós entendemos que hai eidos fundamentais que teñen que estar garantidos polas administracións públicas, sexan cales sexan as circunstancias económicas e financeiras do noso país; son fundamentalmente a sanidade e a educación.

A sanidade é evidente. A todo o mundo se nos ocorre que en calquera momento nos podemos poñer enfermos, necesitar asistencia médica e que teñamos asistencia médica e que nos poidamos curar non pode depender dos nosos recursos económicos.

A educación ademais é un investimento de futuro. Realmente a única maneira da saír dunha crise económica é investir en educación. Isto é algo que xa se manifestou en moitos dos países máis desenvolvidos do mundo: é necesario investir en educación. Ademais unha educación pública, gratuíta, universal e de calidade é realmente a única maneira de garantir igualdade de oportunidades para todos os nenos e nenas do noso país.

Non me vou estender moito máis porque non é a primeira vez que falamos desta cuestión e falamos deste tema en practicamente todos os Plenos porque agora mesmo a educación pública do noso país está sufrindo uns ataques moi graves por parte dos gobernos estatal e autonómico. Un destes ataques foi o último Real decreto lei 14/2012, publicado polo goberno do Estado, que tería moi graves consecuencias de se aplicar no noso país. Polo tanto o que queremos é pedirlle ao goberno da Xunta de Galicia que non aplique este Real decreto lei publicado polo goberno do Estado porque agora mesmo o ensino público do noso país xa sufriu recortes moi graves que están poñendo en perigo o mantemento do sistema, a igualdade de oportunidades dos nenos e nenas do noso país.

O actual goberno galego veu aplicando sucesivos recortes e por iso o Sr. Núñez Feijóo presume de ter os deberes feitos e de non ter que aplicar moitos máis, aínda que, polo que vemos, sempre se lles ocorren máis para aplicar. Reduciu en 425 millóns os orzamentos en relación aos de 2009 o que provocou a perda de máis de dous mil docentes e a conseguinte falta de dotación necesaria para facer fronte á atención á diversidade, ao reforzo educativo e ás necesidades educativas especiais, é dicir, a todas as necesidades que ten o sistema educativo galego.

Eliminou a gratuidade dos libros de texto, non cobre as baixas de profesorado inferiores a quince días; gastáronse millóns de euros ao tirar libros que o seu único problema era que estaban en galego e en facer propaganda da eliminación da gratuidade dos libros, mentres mantiñan e incrementaban as axudas aos centros privados concertados, mesmo en centros onde se segrega ao alumnado por sexo.

Os recortes que se propoñen agora mesmo buscan reducir o profesorado dos centros, incrementar o número do alumnado por aula, reagrupar alumnado de diferentes niveis educativos, etc. Poderíamos concretar dicindo que estes

recortes, de se levaren a cabo, incrementarán as ratios a trinta alumnos en infantil e primaria, trinta e seis en secundaria e corenta e dous alumnos en bacharelato.

Escoitei dicir a algunha persoa do PP que cando nós eramos novos tamén estudábamnos en aulas con máis de corenta alumnos e non nos pasou nada.

Se realmente nos parece que despois de ter avanzado no sistema público educativo, volver trinta anos antes non supón ningún problema, non é realmente nada grave, é que temos un serio problema cos actuais gobernos da Xunta e do Estado, aos que non lles importa volver a outras épocas nas que a educación era para elites e para quen no podía pagar era sinxelamente unha educación masificada. Iso non é algo que teñamos que ter como obxectivo de aquí en diante.

O Real decreto legislativo imporá unha xornada lectiva semanal mínima para o profesorado de vinte e cinco horas en primaria e vinte en secundaria. Isto supón que haberá profesorado que terá que dar materias das que non é especialista, completar horarios noutros centros, incrementar as itinerancias, etc. Non se substituirá ao profesorado de baixa, vaise eliminar o requisito de ofertar dúas modalidades de bacharelato, adiarase a implantación de ciclos de Formación Profesional que tamén é algo fundamental para mellorar a situación do emprego; incrementaranse as taxas universitarias.

Evidentemente todos estes recortes atacan gravemente ao ensino público e á súa calidade, así como ao dereito de igualdade de oportunidades do alumnado.

Solicitamos por iso do goberno galego que non se someta ás decisións que van na contra do ensino galego e que se negue rotundamente a aplicar este decreto.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Como moi ben dicía a Sra. Veloso, desgraciadamente unha vez máis temos que vir este Pleno para falar de educación e defender a educación pública na nosa cidade, na nosa comunidade e no noso país.

Dende hai menos dun ano foron moitas as mocións que presentou o Grupo Socialista para defender o ensino público en Galicia. Podo dicir que en xullo do 2011 presentamos unha para que a Xunta investise nos colexios, en setembro do 2011 para que a Xunta de Galicia non diminuíse a partida destinada ao cheque infantil, en decembro do 2011 propoñíamos un decálogo para frear eses recortes

que estaba facendo a Xunta de Galicia en educación, en xaneiro de 2012 instábamnos á Xunta para que non subise as taxas das garderías públicas, en abril de 2012 frear os recortes que se estaban facendo polo goberno central... e así podíamos falar de moitas máis iniciativas. Levamos moitos meses falando de que tanto dende a Xunta como dende o goberno central se está dando un claro ataque ao ensino, pero sobre todo ao ensino público.

Dicía a Sra. Veloso que o ensino é investimento. Xa o sabemos, como tamén que frear o ensino é frear o futuro dunha cidade. Pero non só iso, senón que o ensino tamén é igualdade, é o que garante que calquera rapaz, naza onde naza, teña as mesmas oportunidades para acadar un futuro que, se non hai un ensino universal, público e gratuíto, non podería acadar.

O único que sabemos é que dende que o Sr. Núñez Feijóo está na Xunta de Galicia a única política educativa de seu foi eliminar ese sistema de gratuidade dos libros de texto que consistía en que os rapaces se foran prestando os libros dun ano ao outro e polo tanto se constituía unha solidariedade, un aprender a manter e conservar o que se posúe para llo poder prestar ao rapaz que estudaría ese libro o ano seguinte.

Sabemos que nalgúns casos se dobraron as taxas das garderías públicas. Neste momento en Vigo a un pai cústalle o dobre ter un fillo nunha gardería da Xunta ca outro que o ten nunha gardería municipal.

Incrementáronse os prezos dos menús dos comedores das garderías e das escolas infantís, diminuíu o número de bolsas e o cheque infantil. En concreto en Vigo suprimíuse a ESO no Celso Emilio Ferreiro e no vindeiro ano pechará o colexio Caixanova, como tamén as escolas infantís de Nogais e de rúa Palencia, reducíronse as liñas no Paraixal, tamén se desmantelou o Manuel Antonio coa excusa de que o hai que reconverter nun centro de formación profesional integrado, levándose aos rapaces dese centro e masificando os demais centros.

Polo tanto todo isto que ven polo Real decreto legislativo do Sr. Rajoy, non é máis ca seguir avanzando no que xa está a facer o Sr. Núñez Feijóo dende a Xunta de Galicia.

Pero o peor non só é que a Xunta de Galicia estea facendo esta política que agora vai facer o Sr. Rajoy, senón que cando o Sr. Rajoy anuncia que hai que seguir recortando e avanzando nesos recortes de educación, dende a Xunta de

Galicia, tal e como consta nos recortes de prensa, o conselleiro de Educación aplauda os recortes que se están promovendo dende o goberno central.

Moi ben citaba todos estes recortes a Sra. Veloso: masificación de aulas, redución do profesorado, diminución de programas para os alumnos... é dicir, todo aquilo que fai que o ensino público sexa de calidade.

Isto non é unha cuestión de cartos porque por unha banda se dicía que non hai cartos, que hai que reducir 10.000 millóns de euros en educación, pero aos poucos días sabíamos que estes 10.000 millóns de euros si que existían pero que ían cara outro lado. Polo tanto non é unha cuestión de cartos, nin de herdanza; non é unha cuestión de diñeiro, é unha cuestión de ideoloxía política porque nin a Xunta de Galicia gobernada polo Partido Popular, nin o goberno do Sr. Rajoy gobernado tamén polo Partido Popular, queren un ensino igualitario. Queren un ensino discriminatorio onde só os que teñen máis poidan acceder a un mercado laboral máis amplo.

Pero nós non estamos de acordo coa política do goberno Popular nin na Xunta de Galicia nin no goberno central e por iso dende o Concello de Vigo estamos defendendo esa escola pública a través de bolsas de inglés, de máis garderías infantís e de máis programas educativos. Entendemos que a educación non debe ser a gran sacrificada nestes momentos de austeridade. Pódese facer austeridade pero non a costa de rapaces nin de enfermos que é o que están facendo a Xunta de Galicia e o goberno central.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Evidentemente o BNG non tivo responsabilidades políticas en educación no goberno do Sr. Touriño, coido que descoñecen algunhas cousas que eu lles veño lembrar porque realmente son moi rechamantes, moi dramáticas e semella que as esqueceu.

Durante catro anos convocáronse prazas de oposición para profesores de ensino medio, de escolas, que non facían falta e cando estes profesores aprobaron as oposicións tiveron que quedar na súa casa durante tres anos percibindo o salario exactamente igual.

A herdanza que recibiu o goberno do Sr. Núñez Feijóo do Partido Popular en educación foi realmente monstruosa, autenticamente devoradora de todos os recursos educativos e tivo que facer unha reconsideración e unha racionalización

do alumnado, profesorado, ratios, etc. Realmente é tremenda a herdanza xa non só dos señores Zapatero e Rubalcaba, senón do que fixo o Sr. Touriño en Galicia: tirar o diñeiro pola ventá para que algúns profesores estiveran na súa casa agardando a que alguén os chamase. Foi precisamente o goberno do Sr. Núñez Feijóo quen tivo que chamar á casa destes profesores. Non estou contando ningunha mentira, Sra. Veloso, pode consultar estes datos cos señores da CIG, eles informaran.

Outra cuestión tamén moi importante é que dende que se aproba a LOGSE en outubro de 1990 o horario dos profesores é de trinta horas lectivas semanais, obrigatorias ata vinte e tres. Resulta que tanto a Xunta de Galicia, o goberno do Sr. Núñez Feijóo, coma o goberno de España deixan ese horario ata un máximo de vinte horas, co que están baixando ata tres horas. Onde se di que se vai aumentar a atención do profesorado ao alumnado, cando realmente por lei os profesores de ensinos medios, artísticos, especiais, tivemos que dar ata vinte e tres horas e agora resulta que cos axustes temos que dar ata vinte horas? É outro tema que semella que se descoñece e se esquece.

Pero a min o que me rechama é que a Sra. Veloso di que investir en educación é un investimento de futuro. Iso sabémolo todos, todos estamos totalmente de acordo, como tamén co que dixo a Sra. Díaz sobre o ensino e a igualdade. Pero é que, segundo o goberno municipal, os nenos e nenas de Vigo non teñen a mesma igualdade porque lles lembro como os cativos do colexio Altamar viven amoreados e como se lles negan os terreos das inmediacións do Museo Liste, coma outras moitas cousas. Non hai igualdade para os pobres alumnos e alumnas do colexio Altamar.

Expúxose tamén a preocupación pola calidade do ensino, cousa que me parece unha hipocrisía cando a EMAO e a ETRAD están abandonadas, da UNED nada se sabe nin ninguén pregunta e non falemos da biblioteca do Estado.

Rechámame que a Sra. Díaz falara de que houbo non sei cantas intervencións pero veñen sendo sempre as mesmas. Semella que aquí ninguén traballa e ninguén xestiona. Señores do goberno municipal, levan vostedes un ano de vacacións.

En efecto, aquí ninguén traballa, sen embargo o Partido Popular ven con propostas e moito traballo, moita preocupación e sobre todo atención á

sensibilidade do cidadán que está moi amolado. Non nos veñan tomar o pelo porque as persoas saben moi ben por onde van os tiros e as nais e os pais saben moi ben por onde van as cousas.

O goberno galego explicou con claridade o posicionamento de Galicia diante do RDL 14/2012, un posicionamento de respecto, de acatamento á normativa estatal cando corresponde e de singularidade cando hai marxe de competencias e un camiño percorrido na boa dirección para aplicala con flexibilidade.

Falaremos das medidas temporais. Non se van subir as ratios, é mentira, é falso, o goberno do Sr. Núñez Feijóo da Xunta de Galicia dixo que non, que a diferenza do Estado español aquí permanece exactamente igual o número de alumnos por aula. Os sacrificios e os axustes que pasamos durante estes tres anos co goberno do Sr. Núñez Feijóo leváronnos a unha situación moi boa para non ter que aplicar con dureza o anterior RDL, pola contra conseguíronse resultados con moito éxito. Mantéñense os ciclos de FP que xa se adaptaron á LOE, cursando dúas mil horas os que aínda non se adaptaron, farano no curso 2014-2015 como propón o Ministerio. Esta medida ten que ver coa decisión do último goberno socialista que optou por ampliar os módulos de FP de mil catrocentas a dúas mil horas.

SRA. VELOSO RÍOS: Que clase de goberno temos na Xunta de Galicia que despois de estar gobernando tres anos e a piques de convocar eleccións aínda fala da herdanza do goberno anterior? Para que os queremos no goberno da Xunta se non son capaces de facer absolutamente nada para mellorar o que se atoparon? Se despois de tres anos seguen a falar da herdanza do goberno anterior? Que maneira de mellorar a situación tan desastrosa, segundo vostedes, que atoparon na educación que é recortar en máis de catrocentos millóns de euros os orzamentos de educación? Xa nos poden dar leccións a todo o mundo sobre como se melloran as cousas dedicándolles moitos menos cartos e moitos menos recursos.

É unha auténtica vergoña ouvir determinadas cousas. Os pais e as nais non somos parvos, efectivamente, chegamos cada día aos colexios dos nosos fillos e fillas e atopámonos con que o seu titor ou titora está de baixa e a súa baixa non está cuberta. Os pais e as nais de nenos con necesidades educativas especiais atopámonos como sistematicamente se lles negan os apoios que precisan con

frases que xorden da Consellería de Educación do tipo “Os apoios non son unha opción”. Esa é a política actual do goberno da Xunta de Galicia. Cando é unha coidadora a que está de baixa, unha coidadora imprescindible para que un neno ou unha nena con necesidades educativas especiais poida estar na aula, se lles di aos pais e ás nais que non o manden a escola mentres a coidadora estea de baixa porque non a van substituír, que quede na casa os quince días que a coidadora estea de baixa.

Esa é a situación actual do ensino público do noso país e os pais e as nais coñecemos perfectamente a situación, vemos cales son as medidas que se están tomando dende o goberno da Xunta de Galicia.

Deixen de falármonos da herdanza do goberno anterior, deixen de negar que están recortando porque o estamos sufrindo e deixen de seguir aplicando recortes ao sistema educativo público porque, se todo o mundo sabe que é un investimento, o que queremos é que se invista e non que se lles dean os cartos aos centros concertados privados para que poidan acudir en mellores condicións aquelas persoas que poden pagar as matrículas e as mensualidades destes centros. Nós non queremos que os cartos públicos se lles dediquen a centros onde se segrega ao alumnado por sexo, a centros relixiosos, senón que se lles dediquen os cartos públicos ao ensino público, aquel que lles proporciona igualdade de oportunidades a todos os nenos e nenas para que logo, de maiores, poidan ter unha formación que lles permita desenvolver o seu traballo con coñecementos xerais e que, por certo, lles permita falar galego e castelán correctamente.

(Están ausentes as Sras. García Míguez, do Grupo Popular, e Silva Rego, do Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras

Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Ríos, instando solicitarlle ao Goberno Galego a non aplicación das medidas contidas no RDL 14/2012 e á presentación de recurso por invasión de competencias, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.2.- (93).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A INVESTIR EN VIGO, ASÍ COMO TOMAR MEDIDAS PARA FREAR O DESEMPREGO. EXPTE. 324/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19.10.2012, número 324/1101, o concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Rodríguez Díaz , formula a seguinte moción:

“Hai máis de dous anos que Feijóo e o PP gobernan en Galicia e a súa xestión pódese cualificar de desastre absoluto; máis desemprego, ausencia de política económica e industrial, abandono dos servizos públicos básicos, sanidade, educación dependencia, etc.

O goberno de Vigo encabezado por Abel Caballero, está dando mostras de eficacia para mellorar a economía e o emprego na cidade, con medidas propias de investimento e taxa cero, conxelación dos impostos, impulsando investimentos do Goberno de España e infraestruturas básicas, AVE, aeroporto, e atención prioritaria aos sectores produtivos como o automóbil e o naval.

Unha cidade dinámica como Vigo non conta para as políticas activas de emprego, que son competencia exclusiva da Xunta de Feijóo que ten importantes fondos transferidos desde o Goberno central, desprezando e ignorando aos parados/as de Vigo. Co anterior goberno bipartito da Xunta e con menos desempregados destinábanse 4 millóns de euros anuais e na actualidade só 495.000 euros ao ano.

Ademais Feijóo permanece impasible ante o peche de empresas e os ERE extintivos, sen tomar ningunha medida para paliar esta grave situación.

A patronal galega quéixase da falta de investimentos, os sindicatos critican que

non se incentive o emprego... Que fan co diñeiro? Onde o gastan? A isto engadir que un instrumento financeiro tan importante como o IGAPE está paralizado e a súa xestión baixo sospeita.

E por iso, é polo que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a investir en Vigo; 3,5 millóns de euros en Cooperación XG, corporacións locais, e3 obradoiros de emprego, Vigozoo, Mar de Vigo, Vigo Ornamental por 1,9 millóns de euros e dous PIEG (Plan Integrado de Emprego de Galicia) por 450.000 euros para contratar a 625 traballadores, que se corresponden co número de parados e poboación.

2.- Instar á Xunta de Galicia a realizar investimentos en Vigo cunha política económica e industrial efectiva para as empresas da cidade.”

A comisión informativa de Emprego e Participación Cidadá, na súa sesión do 24 de outubro de 2011, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Dende o Grupo municipal Socialista mes tras mes temos que incidir nas mesmas mocións para solicitar e reivindicar da Xunta de Galicia que invista na cidade de Vigo en emprego. Fixémolo cunha moción que presentamos en outubro do ano pasado e que retomamos agora porque ten, se cabe, moita máis actualidade logo de cinco meses de goberno do Sr. Rajoy e do Partido Popular no Estado.

En Galicia o Sr. Núñez Feijóo e o Partido Popular levan xa tres anos gobernado e podemos cualificar a súa política de auténtico e absoluto desastre. Temos máis desemprego, hai unha ausencia de política económica e industrial, hai un abandono dos servizos públicos básicos: da sanidade, da educación e da Lei de dependencia. Hoxe o Sr. Núñez Feijóo ilustrounos de novo dicindo que a Lei de dependencia foi un erro. Que llo vaia contar ás persoas dependentes ou ás que coidan delas.

Fronte esta política de costas aos cidadáns, de costas aos traballadores e traballadoras que están no paro, o goberno de Vigo encabezado por D. Abel Caballero ven dando mostras de eficacia para a mellora da economía e do emprego na nosa cidade, con medidas e investimentos como por exemplo a de taxa cero para as terrazas, a conxelación dos impostos, pulando os investimentos do goberno de España en infraestruturas e tamén cunha atención prioritaria aos

sectores produtivos como o do automóbil ou o naval.

Todas estas políticas, políticas do “Plan E”, de investimentos propios do Concello, políticas dos diversos plans de emprego, deron como resultado a creación de máis de seis mil postos de traballo.

Os cidadáns de Vigo non contan para as políticas activas do Sr. Núñez Feijóo. Se facemos unha comparación, o anterior goberno da Xunta de Galicia no último ano destinou catro millóns de euros para estas políticas activas; na actualidade destínanse escasamente catrocentos noventa e cinco mil euros.

Xa sabemos que o emprego non é unha prioridade para o Sr. Núñez Feijóo nin para o Partido Popular. Agora mesmo estanse a eliminar fondos para a contratación de parados e paradas no Concello de Vigo e en todos os concellos, hai unha redución brutal de fondos que é o que nos leva a insistir aquí con esta moción para que se retomen.

Que está facendo o Partido Popular coa eliminación dos Fondos de cooperación que son os que posibilitan que os diversos concellos, entre eles Vigo, poidan ter traballadores e traballadoras por un período determinado? O que se pretende é que estes non perceptores se inclúan en programas de colaboración social. Iso é o que veñen dicir.

Tamén temos que por unha banda a propia patronal galega se queixa da falla de investimentos da Xunta de Galicia, as propias organizacións sindicais critican que non se incentive o emprego e a pregunta que nos facemos dende o Grupo municipal Socialista é, que fan cos nosos impostos, cos nosos cartos? Onde van? Onde os gastan?

Tamén temos que engadir que un instrumento financeiro tan importante como é o IGAPE está paralizado e dende logo algúns dos seus xestores están baixo sospeita. Eliminan tamén os axentes de desenvolvemento local que son os que vostedes veñen defendendo tanto para o emprendemento.

Por todo o anterior propoñemos nesta moción instar á Xunta de Galicia a investir en Vigo 3,5 millóns de euros en cooperación, tres obradoiros de emprego: VigoZoo, Mar de Vigo e Vigo ornamental por 1,9 millóns de euros e dous plans integrais de emprego por 450.000 euros e que todo iso sirva para contratar como mínimo 625 traballadores.

Tamén instar á Xunta de Galicia a que realice investimentos en Vigo cunha

política económica e industrial efectiva para as empresas da nosa cidade.

SR. ALONSO PÉREZ: Como consecuencia das políticas neoliberais da Unión Europea aplicadas ao pé da letra, primeiro polo goberno do PSOE no Estado e despois polo goberno do Partido Popular e aquí na Xunta tamén polo goberno do Partido Popular, a maioría social estamos a sufrir como unha especie de “Tsunami” que está a traer unhas consecuencias devastadoras para a maioría da sociedade: recortes en sanidade e educación, medre da desprotección social, baixada de salarios, perda de dereitos, despedimento libre e gratuíto, que moitas familias non poidan afrontar o pagamento da súa hipoteca, peches de empresas... Pero de todo este desastre social o peor de todo, o que ten máis graves consecuencias é o desemprego. Galicia ten nestes momentos máis de 277.000 desempregados e dende que está o goberno do Sr. Núñez Feijóo aumentou esta cifra nun 31,4%

O BNG estivo sempre en todas as mobilizacións contra todas estas políticas que traen estas consecuencias e ademais sempre presentou políticas alternativas: banca pública galega para que o aforro galego estea ao servizo de Galicia, investir e xestionar o que se recada aquí con outro modelo de financiamento, unha reforma fiscal para que pague máis quen máis ten, servizos universais como o ensino e a sanidade pública, recortes en gastos militares e na Casa Real, supresión das deputacións, etc.

En canto ao emprego xa manifestamos no Concello de Vigo que non iamos aprobar os orzamentos de non haberen un cambio na proposta do goberno local que inicialmente non chegaba aos dous millóns de euros. Polo posicionamento do BNG hoxe a proposta que traen os orzamentos é de máis de cinco millóns de euros.

Este tipo de propostas do BNG facémolas en todos aqueles lugares onde temos presenza institucional: no Parlamento europeo, no do Estado e no galego e, como acabo de dicir, aquí no Concello.

Imos votar a favor a proposta do Partido Socialista para que dunha vez o goberno galego cambie a súa política de emprego e empece a facer investimentos que realmente dean resposta ao maior problema que ten a sociedade.

SR. FIGUEROA VILA: Dende o noso grupo entendemos que a presentación desta moción é un despropósito porque, que quen xeraron máis de cinco millóns de desempregos nos últimos anos neste país poidan falarnos de políticas activas de emprego e de como xerar postos de traballo, cando menos é un descaro, para ser máis suave eu diría que un despropósito, unha sen razón.

Ao Partido Socialista non lle interesa o emprego porque dende que goberna nesta cidade pasamos de 17.000 parados no ano 2007 a 34.000 parados a día de hoxe. Supoño que algo poderían ter feito con eses investimentos multimillonarios do "Plan E", aínda que vostede dixo que se xeraron 6.000 postos de traballo.

A vostede non lle preocupa o emprego, o único que lle preocupa é o enfrontamento co goberno de Galicia e co presidente Sr. Núñez Feijóo. Ese é o único obxectivo porque non queren que a cidadanía coñeza os investimentos multimillonarios que se están a facer nesta cidade. Voulles dar datos: En toda a legislatura do Sr. Núñez Feijóo, a día de hoxe na cidade de Vigo investíronse máis de 170.000 millóns das antigas pesetas. Iso é o que non queren que saiba a cidadanía, é isto o que lles preocupa a vostedes e están intentando manipular, enfrontar e que este tipo de datos non saia á luz pública. Pero os datos están aí e maniféstanse nos investimentos multimillonarios que se están a levar a cabo no Concello de Vigo nos últimos anos.

A vostedes non lles interesa o novo hospital, están boicoteando un investimento de case 400 millóns de euros única e exclusivamente por unha cuestión de abastecemento, saneamento ou acometida de augas. Non lles preocupa.

A depuradora é un investimento multimillonario da Xunta de máis de 120 millóns de euros. Para a Cidade da Xustiza contempláronse nos orzamentos 15 millóns de euros e vostedes non a queren, non ceden os terreos porque non saben xestionar o urbanismo. Ese é o gran problema.

Para o Rexistro Civil está consignado un millón e medio de euros e polo tanto está en marcha. Nos orzamentos deste ano xa hai máis de dous millóns de euros consignados para a Cidade do Mar. No PAU de Navia investíronse noventa millóns de euros nos últimos tres anos. Tampouco lles gusta falar do Consorcio do Casco Vello pero ten consignados máis de trinta millóns de euros.

Podería seguir falando ata unha cifra que supera os mil millóns de euros que son máis de 170.000 millóns das antigas pesetas.

Tamén lles podería contar dos investimentos en educación e noutros sectores coma IGAPE, do investimento de máis de 80 millóns no naval ou das axudas que se lle deron á automoción por máis de cincuenta millóns de euros. En definitiva, é unha cifra moi importante de máis de mil millóns de euros, é dicir, máis de 170.000 millóns das antigas pesetas. Pero seguramente que para facer este debate necesitaríamos moito máis tempo.

O que lles preocupa a vostedes son estas novas: “PEMEX garante sete remolcadores en Galicia cun contrato de 247 millóns de euros”. Esta é a portada dun xornal. “O Peugeot 301, a primeira berlina fabricada en Vigo en exclusiva sairá á venda este outono en Turquía”. Aí está tamén a axuda que a Xunta de Galicia lle está dando á automoción. Tamén: “Os estaleiros ven válida a proposta do Tax-Lease para competir en condicións”. Saben vostedes quen está boicoteando o Tax-Lease? Un comisario europeo que foi secretario xeral de vostedes, o Sr. Almunia.

Pero o importante son as xestións que se están a facer na cidade de Vigo. O importante é que se está intentando desbloquear temas e saír da crise. O importante é que dende a Xunta de Galicia se están aplicando as políticas necesarias para saír desta situación tan grave que está vivindo o noso país.

Esa é a política que a vostedes non lles gusta e por iso intentan boicoteala.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Aquí podemos falar de todo, pero tamén de que o Sr. Núñez Feijóo nestes últimos tres anos ven cara Vigo presentar libros (con todo o meu respecto e cariño para a lectura) porque non ten ningunha cousa que inaugurar aquí. Iso dá a medida dos seus investimentos.

Sr. Figueroa, cando vostede fala do hospital: inviste a Xunta ou está investindo unha empresa privada? A Xunta non inviste un duro aí porque se trata dun hospital privado. Onde inviste a Xunta é en Ourense: corenta millóns nun hospital público con corenta millóns de euros públicos. En Vigo un hospital privado onde non inviste a Xunta nin un euro.

Falou do sector do automóbil. Que axudas lle deu a Xunta ao sector do automóbil? Quen lle deu axudas a interese cero a este sector foi o goberno socialista de José Luís Rodríguez Zapatero. E vostedes estalle dando axudas, e cando as ían recortar e o noso alcalde protestou e dixo que non se podían

recortar esas axudas, vostedes danas a un interese do 3,5%. Eses son vostedes, esa é a súa preocupación polo emprego.

A vostedes en absoluto lles importan os parados, o que lles preocupa é estar facendo anuncios e máis anuncios todos os días, pero ao final non fan absolutamente nada polos parados.

A realidade é que vostedes están reducindo o 96% dos fondos para parados e o Estado o 99%. Nin sequera lle fixeron caso á Federación Española de Municipios que pedía achegar unha partida para políticas activas de emprego, é dicir, para contratar a parados e paradas en todo o Estado español, entre eles aos de Galicia e aos de Vigo. Vostedes rexeitaron iso. Por iso digo que non lles preocupan absolutamente nada as políticas activas de emprego.

Está nos titulares dos xornais, que non é que o digamos nós: “Feijóo reduciu á metade o diñeiro para crear emprego, mentres o paro se disparou”. Isto ven nos medios de comunicación, señores do Partido Popular. Pero hai máis, na campaña electoral o Sr. Núñez Feijóo dicía que a súa maior prioridade era combater o desemprego, sen embargo o paro medrou co Sr. Núñez Feijóo e co Partido Popular moito máis ca na media de todo o Estado, somos a segunda comunidade peor parada en canto ao desemprego.

Insisto cos titulares porque a vostedes tamén lles gusta moito falar: “O gasto público por desempregado reduciuse á metade dende 2009”. Isto é o que fan vostedes polos desempregados e polas desempregadas? Reducir os fondos e non investir nas cidades?

(Están ausentes as Sras. García Míguez, do Grupo Popular, e Silva Rego, do Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios,

Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Rodríguez Díaz, instando solicitarlle á Xunta de Galicia investimentos en Vigo, así como a tomar medidas para frear o desemprego, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.3.- (94).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A INCLUSIÓN DUN NOVO CRITERIO NOS PREGOS DE CLÁUSULAS DOS CONTRATOS DE OBRAS. EXPTE. 424/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15.03.12, número 424/1101, o concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Regades Fernández, formula a seguinte moción:

“O desemprego converteuse nun dos problemas socioeconómicos máis preocupantes aos que se enfronta o noso país. A consecuencia máis grave da crise económica e financeira no noso mercado laboral é o importante aumento das persoas en situación de desemprego.

A repercusión negativa da crise económica sobre o emprego non só se constata nas elevadas taxas de paro, senón, ademais, na persistencia dese desemprego que dá lugar a un aumento do paro de longa duración. Esta situación constitúe un custe persoal e social para moitos traballadores e traballadoras e para as súas familias, o desaproveitamento de man de obra e capital humano e, ademais, supón un lastre non asumible para o crecemento da nosa economía e do emprego.

Así mesmo, a oferta de traballo por idades mostra o efecto desánimo que se produce entre a xuventude, que por unha banda retomaron os estudos ante as malas perspectivas de atopar un emprego, e por outra, debido á persistencia da inactividade económica, abandonan a busca activa de traballo presupoñendo que non o atoparán ou buscan oportunidades no estranxeiro. Este fenómeno é particularmente importante para aqueles que se incorporan por primeira vez ao mercado laboral, de maneira que a busca do primeiro emprego convértese nun factor clave no proceso de inserción da xuventude e a súa análise adquire unha especial relevancia.

O Concello de Vigo, co obxectivo de mellorar a situación descrita, puxo en marcha unha nova medida, dirixida especialmente á redución do desemprego de persoas en paro de larga duración e persoas que demandan o primeiro emprego.

Esta medida consiste na incorporación dun novo criterio de adxudicación no prego de cláusulas administrativas particulares para contratación de obras denominado "PROGRAMA DE PROMOCIÓN E FORMACIÓN DO EMPREGO". Dito criterio valórase ata un máximo de 10 puntos en base ao seguinte: as propostas presentadas deberán definir un proxecto para a promoción e formación de emprego en relación aos ámbitos de traballo da obra a ofertar. Este proxecto deberá posibilitar o desenvolvemento de actuacións vinculadas directamente co obxecto da obra, que requiran a contratación de persoal a maiores do contemplado no prego de prescricións técnicas particulares como persoal mínimo. As contratacións dos traballadores ou traballadoras deberán responder ós criterios de contratos de desempregados/as con mais dun ano en situación de desemprego ou contratos de primeiro emprego.

A proposta especificará:

- 1) coherencia da proposta de promoción de emprego en relación o obxecto da obra a executar, para o cal se deberá definir o obxecto do programa, a cualificación profesional dos contratos dos contratados, o axuste da intervención dos medios propostos en relación o plan de execución da obra, a coordinación do mesmo a distribución do cadro básico de persoal que describe o propio proxecto, a duración do programa e o número de traballadores/as destinadas o mesmo (3 puntos);
- 2) Valoración da proposta económica do programa: se deberá indicar a achega económica que destinará o licitador sobre o prezo de licitación sobre o prezo de licitación, especificando os importantes individualizados en función dos tipo de contratos propostos, duración dos mesmos en relación dos postos de traballo previstos no proxecto e salarios custes deberá estar ordenado pola importancia ponderada que teñan no proxecto. Só se valorarán as propostas ara o límite do 5% do orzamento de licitación

Polo dito anteriormente, solicítase a adopción do seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a que inclúa o criterio de adxudicación descrito anteriormente nos pregos de cláusulas administrativas particulares dos contratos de obras que leve a cabo."

A Comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión de 19 de marzo de 2012, ditaminou favorablemente esta moción.

DEBATE.- SR. REGADES FERNÁNDEZ: Para o Concello de Vigo o emprego é prioritario, por iso de xeito transversal actuamos en todas as concellerías con

máis de cinco millóns directos para a creación e a formación de desempregados. Temos un plan de investimentos ambicioso: quince millóns no Plan de investimentos municipais, máis cinco millóns nun Plan de investimentos de infraestruturas hidráulicas nun actual convenio coa empresa concesionaria de augas. Para este ano hai máis de vinte millóns de investimentos na nosa cidade, o que supón a creación de seiscentos novos postos de traballo directos e indirectos.

Falan de enfrontamento, din que o goberno de Vigo enfronta. Eu coido que é todo o contrario porque o goberno de Vigo acorda e é capaz de sacar proxectos cara adiante. Nestes momentos, a escasos meses da entrada do novo goberno do Estado, fomos capaces de sacar adiante a depuradora da nosa cidade, un proxecto comezado no mandato anterior que, como ben saben todos os cidadáns de Vigo, foi acordado e pulado dende este Concello polo noso alcalde.

Pero, como non, tamén está a estación do AVE que nun principio dende o Partido Popular querían paralizar, pero se decataron de que era unha necesidade, unha prioridade para esta cidade.

Obras, melloras e investimentos na nosa cidade que o único que fan é crear postos de traballo, mentres a Xunta de Galicia do Partido Popular e do Sr. Núñez Feijóo mira cara outro lado, non está na cidade nin se lle agarda.

O goberno de Vigo traballa arreo facendo todo o posible para atallar o problema do desemprego sabendo que as competencias que teñen os concellos son mínimas, pero non imos escatimar nin un só esforzo en poñelas en práctica.

Señores do Partido Popular, non miren cara outro lado, actúen, fagan polos nosos veciños, deixen o desleixo que teñen cos traballadores, coa sanidade e coa educación. Non lle quiten a esperanza a Galicia, traballen arreo.

Por iso lles pedimos instar á Xunta de Galicia a que inclúa novos criterios de adxudicación nos pregos de cláusulas administrativas que fomenten o emprego nun momento como o que estamos a vivir na actualidade.

O desemprego converteuse nun dos problemas socio-económicos máis preocupantes ao que se enfronta o noso país. A repercusión negativa da crise económica sobre o desemprego non só se constata polas elevadas taxas de paro, senón ademais pola situación socio-económica que implica.

Para mellorar esta situación descrita o Concello de Vigo incorporou un novo

criterio de adxudicación nos pregos de cláusulas administrativas particulares para a contratación de obras: valorar ata dez puntos as propostas que definan un proxecto para a promoción e formación de empregos, valorando aos parados de longa duración, aos que leven máis dun ano nestas situación, así como tamén aos novos traballadores, valorar tamén a coherencia da proposta, da promoción do emprego, da relación do obxecto da obra a executar para o que deberán definir o obxecto do programa, a cualificación profesional dos contratados, o axuste da intervención, os medios propostos, a relación co plan de execución.

Pensamos que nestes momentos é fundamental que en todos os contratos administrativos que se liciten dende todas as administracións exista unha cláusula na que se valore de xeito activo e positivo a creación de postos de traballo.

Antes falábamos do Plan de investimentos que se está levando a cabo na nosa cidade, dicíamos que era un plan de investimentos que ía acompañado dun Plan de infraestruturas hidráulicas. Coidamos que tiñamos que facer e facemos en Cabral, Candeán, rúa Loureiro e estrada Provincial unha mellora de infraestruturas hidráulicas, a EDAR do Vao, melloras nas rúas de Sampaio e Candeán, na rúa López Mora, en Sárdoma, no Areal, na EDAR de Montero Ríos, na rúa Canceleiro e, como non, tamén na rúa Moaña, Tomás Alonso, Camelias, Pontevedra, Canceleiro, Baixada Mestre Chané, Enrique Lorenzo e moitas máis obras que van mellorar a calidade de vida de todos os vigueses e viguesas, pero tamén crear emprego en Vigo para os vigueses e viguesas.

Señores da Xunta, pedímoslles que invistan en Vigo e que tomen medidas coma estas.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Non sei de que falar porque levamos dúas mocións, esta é a segunda, nas que se tratan temas de emprego, temas que a min me parecen importantes e empezamos a falar de obras, de humanizacións, de obras hidráulicas, de gobernos anteriores... Eu fago unha pregunta retórica, non é para que se me conteste: Alguén do público ou alguén dos que logo escoitarán este Pleno vai saber que se votou na moción anterior?

Eu pídolles, tanto ao Partido Socialista como ao Partido Popular, rigor na defensa das mocións que aquí se presentan porque non vale utilizar unha moción para

falar do divino e do humano, porque lle temos que explicar á cidadanía que é o que votamos aquí.

Con relación a esta moción creo que non paga a pena gastar moito tempo. Creo que hai que facer esforzos entre todas as forzas políticas para realmente demandar da Xunta de Galicia outro tipo de políticas como as que antes citaba o meu compañeiro, Sr. Alonso. Temos que demandar, señores do Partido Socialista, da Xunta de Galicia políticas reais de creación de emprego, políticas de protección e blindaxe dos nosos sectores económicos principais e prioritarios, políticas financeiras propias, unha banca pública propia de Galicia para que as nosas empresas e o noso comercio teñan crédito e liquidez. Temos que demandar da Xunta de Galicia outro modelo de financiamento e outro tipo de relación co Estado que nos permita precisamente crear emprego aquí, na nosa terra. Políticas de investimento na formación e no I+D+i que sen dúbida sexan os motores do desenvolvemento económico mesmo nun tempo coma este.

En definitiva, señores do Partido Socialista e do Partido Popular, temos que lle demandar aos gobernos galego e central políticas reais de emprego, non baseadas nos recortes senón baseadas nos incentivos económicos, algo que efectivamente nestes tres anos non fixo o goberno do Partido Popular, como tampouco o está a facer o goberno central tamén do Partido Popular.

Señores do Partido Socialista, permítanme dicirlles con todo respecto que esta moción me parece unha ridiculez.

Que unha administración como a do Concello de Vigo lle diga a outra administración pública como é a Xunta de Galicia como ten que facer os seus pregos de condicións, cando menos permítannos que dende o BNG lle digamos que é algo ridículo. Nós non aceptaríamos que nin a Xunta de Galicia, nin a Deputación provincial nos dixeran como temos que contratar neste Concello.

Estaremos sempre reclamándolle á Xunta de Galicia e ao Sr. Núñez Feijóo políticas reais de creación de emprego, pero presentar unha moción para lle dicir á Xunta como ten que facer os pregos de condicións, cando menos me parece algo non axeitado e por iso anunciamos que o BNG se vai abster nesta moción.

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Sr. Regades, a verdade é que logo de ler a súa proposta cústame atopar un adxectivo correcto para cualificar esta esperpéntica moción.

Comete dous erros, o primeiro de forma e o segundo de fondo.

En canto á forma está vostede incumprindo de xeito claro e manifesto o artigo 134 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público. Paréceme que non leu a dita lei. Se quere lle podemos facer un resume ou explicarlle. É certo que son unhas cen páxinas publicada no BOE, pero un pouco de lectura, sobre todo tratándose de temas que afectan aos contratos do sector público, de cando en vez non lle viría mal.

O artigo 134 da Lei 30/2007, di o seguinte: “Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa, deberá atenderse a criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, tales como a calidade, o prezo, a forma utilizable para revisar as atribucións ligadas á utilización da obra ou á prestación do servizo, o prazo de execución ou entrega de prestación”. O que vostede propón como medida de valoración non está dentro do obxecto do contrato nin o afecta. Así que aquí remata a discusión.

Como pretende instar á Xunta a facer algo diso? En serio, non lle dá vergoña facer un exercicio de tal irresponsabilidade? Que pretende, o efecto contrario? Que as reclamacións e impugnacións dos concursos bloqueen a contratación do sector público? Non lle abonda o 25% de paro que xeraron en Vigo nestes últimos anos, chegando a 34.000 parados? O modelo que propoñen, cal é? O de Aqualia con adjudicacións a dedo? Para poder facer iso vostede debería primeiro solicitar un cambio na lei ao goberno de España porque se non está incorrendo nunha ilegalidade manifesta. Pero aínda así chocamos con algo aínda máis grave: o fondo.

En canto ao fondo a situación e aínda peor. Se un erro na forma é atribuíble ao descoñecemento e por suposto neste caso pode subsanarse, un erro no fondo ten un compoñente de estratexia, de visión a máis longo prazo.

Quizais, Sr. Regades, necesite menos competencias e máis competentes e esta cidade necesita máis xestión.

A súa proposta ten un erro de base bastante grave, intenta dun xeito bastante simplista atacar ao efecto e non a causa do problema. Demostrouse que a aplicación sen control e coñecemento das políticas keynesianas á hora de cubrir o déficit da demanda agregada por parte da administración pública, non só non deu os resultados esperados, senón que aínda por riba contribuíron moito a unha

espiral de endebedamento, situando a este Concello co pasivo máis elevado dos últimos cinco anos.

Onde ten que actuar é sobre o modelo económico de Vigo e non improvisar a base de parches e remendos. Un modelo económico baseado na competitividade, na produtividade, na innovación, na exportación... conseguindo así achegar cada vez máis valor engadido para que os nosos produtos, servizos, empresas e traballadores se convertan nun referente mundial sen precedentes.

Segundo a súa proposta unha empresa competitiva cun cadro de persoal axeitado e estable, que se veu forzada a se adaptar mesmo na súa dimensión ao novo contorno que por desgracia nos tocou vivir, que fai? Despide xente para contratar a nova? Sobredimensiónase poñendo en xaque a súa viabilidade? Ou xera precariedade laboral incentivada polas súas actuacións e ideas de "perogrullo" ao non fomentar os contratos estables e fixos despedindo á xente con contrato para poder acometer as necesidades laborais do seguinte?

O que vostede propón é unha intervención directa sobre o funcionamento dunha empresa na adxudicación dun contrato e polo tanto xerando mediocridade laboral. O que vostedes están propoñendo son receitas que están moi desconectadas do día a día das empresas que ao fin e ao cabo son as verdadeiras creadoras de emprego sustentable.

Como ousan solicitarlle á Xunta un modelo que previamente puxeron aquí en práctica e o que conseguiron foi que Vigo sexa a número un de Galicia en parados con máis de 34.000 a día de hoxe? O seu modelo non só non funcionou, senón que xerou emprego precario e pechou empresas e lémbrolle que son as empresas as que xeran emprego.

Realmente négome a crer que este tipo de medidas son as únicas que vostedes son capaces de pensar, de desenvolver e de levar a cabo; medidas que paralizan máis a obra desta cidade, traen máis recursos, reclamacións.

Fágalle un favor a Vigo e retire a súa moción por coherencia, sensatez e vergoña.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Cando non temos ideas ou accións, temos descualificacións.

O goberno desta cidade do Partido Socialista non vai dubidar da súa capacidade, das súas actuacións. Non imos dubidar da falla de eficacia e coherencia que ten

a Xunta do Partido Popular en Vigo. Imos pensar que son accidentes e que non actúan na cidade de Vigo por ignorancia, senón por non o saber facer. Cando non hai ideas e descualifican, ímoslles dicir que nós estamos actuando na cidade.

O que lles pasa a vostedes é que non poden dicir que teñen unha soa actuación nesta cidade. Non teñen nin unha soa idea e teñen moitas descualificacións. Nós temos moitas ideas e moitos investimentos.

Xa llo dixemos co Plan E e dicímoslles agora que para nós a contratación é unha prioridade e nos pregos administrativos desta casa para a contratación valoramos que as empresas non só fagan as obras, senón que contraten traballadores que están en situación de desemprego. Pero non só iso, senón que estes sexan de longa duración e dunha nova incorporación ao mercado laboral.

Pero como nós somos transparentes e vostedes non, o que facemos é chegar a un acordo cos tres sindicatos maioritarios desta cidade, UXT, CCOO e CIG, para que fagan un control sobre as obras porque nós somos absolutamente transparentes.

Eu creo que a oposición desta cidade, a oposición do Partido Popular debería deixar de insultar a este goberno e poñerse a traballar, pero tamén coido que iso é moi difícil.

Políticas reais, políticas de formación e de emprego. Eu non comparto que sexa ridículo apostar polas políticas de emprego. Creo que para o goberno desta cidade ten que ser e é, unha prioridade o emprego, pero tamén que vostedes, señores do Partido Popular, teñen que coller un coche, deixar de tomar o sol e ir cara a Xunta, cara os seus amigos do Partido Popular.

Eu sei que isto lles molesta porque saben que é real, non crearon un só posto de traballo en Vigo e nós con este Plan de vinte millóns imos crear en Vigo máis de seiscentos postos de traballo e cos cinco millóns que temos no noso Plan de emprego e nos nosos investimentos, imos ser capaces de facer que esta cidade colla dinamismo.

Póñanse a traballar por Vigo e póñanse a traballar por Galicia.

(Están ausentes as Sras. García Míguez, do Grupo Popular, e Silva Rego, do Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO: Con dez votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, tres abstencións dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción presentada polo concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Regades Fernández, relativa á inclusión dun novo criterio de adjudicación nos pregos de cláusulas administrativas particulares de obras, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.4.- (95).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA A PROCEDER DE XEITO INMEDIATO Á APERTURA DUNHA ESCOLA INFANTIL NO EDIFICIO DA "GOTA DE LEITE". EXPTE. 455/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de abril, número 455/1101, a concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Díaz Vázquez, formula a seguinte moción:

"Segundo información recollida no xornal Faro de Vigo do mércores 28 de decembro de 2011, con respecto á situación da futura escola infantil no edificio denominado "Gota de Leche", a administración autonómica anunciou o remate das obras para empezar a funcionar co comezo do curso 2012-2013, cun total de 102 prazas, estando neses intres tramitándose os expedientes relativos ás dotacións materiais (mobiliario).

É clara a necesidade de incrementar o número de prazas públicas nas escolas infantís na cidade de Vigo nun momento como o actual. Con todo, quen ten competencias en Educación, a Xunta de Galicia gobernada polo Partido Popular, só fixo promesas e anuncios na prensa. Ata o momento, non coñecemos cal é o estado das obras, que parecen estar totalmente paradas. E a realidade é que non existe nin unha soa praza nova creada polo goberno do Sr Feijóo na cidade de

Vigo. Neste momento descoñecemos cando se abrirá a prometida escola infantil na “Gota de Leche” e temémonos que, como outras veces fixo o Sr. Feijóo, todo se quede en promesas baleiras e nada máis.

E por iso, polo que o Grupo municipal Socialista propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia, tendo en conta o déficit de prazas no tramo 0-3 anos, a que proceda de xeito inmediato á apertura da escola infantil sita no edificio denominado “Gota de Leche”.

A Comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión ordinaria de 23 de abril de 2012, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Novamente volvemos falar de educación, neste caso para os cativos de 0 a 3 anos.

Hai máis de tres anos que o Sr. Núñez Feijóo chegou á Xunta de Galicia. Fixo moitas promesas e moitos contratos; temos declaracións xa do ano 2009 dicindo que no edificio da “Gota de Leite” se abriría tanto unha gardería como un centro de apoio ao emprendedor. Daquela todos os medios de comunicación recolleron ese anuncio do ano 2009, mesmo temos fotos coa daquela delegada, D^a Lucía Molares, dicindo non só que se abriría ese centro, senón que estaría operativo no curso 2010-2011.

Pasou o curso 2010-2011, tamén o 2011-2012 e vai comezar o curso 2012-2013 e aínda non temos novas da “Gota de Leite”, é máis, só temos polo camiño máis fotos e máis anuncios. Temos un de decembro do ano pasado onde volvemos ver a foto da anterior delegada dicindo que se vai abrir a “Gota de Leite”; pero non só iso, tamén temos declaracións da conselleira de Benestar dicindo que xa se licitou o concurso para amoblar o edificio.

Eu xamais crin que alguén tivese tanto descaro para mentir porque se alguén declara en decembro do 2011 que xa se licitou o concurso para amoblar, que me digan a min por que o xoves, 24 de maio de 2012, sae a licitación para amoblar este centro. Como di o refrán “cóllese antes a un mentireiro ca un coxo”. Está claro que aquí só houbo fotos e mentiras e cando se le polo miúdo esta licitación dos mobles, que é o único que en tres anos fixo a Xunta na “Gota de Leite”, obsérvase que a licitación é do FEDER, polo tanto de Europa e do Fondo de

compensación interterritorial que creou o Sr. Rodríguez Zapatero. Polo tanto a Xunta nin sequera pon un duro para licitar os mobles, os fondos sácaos de Europa e do Fondo de compensación do Sr. Rodríguez Zapatero. Polo camiño novamente o único que temos son fotos da Xunta de Galicia pero non temos nin unha soa praza de gardería creada.

Temos tamén as declaracións do Sr. Núñez Feijóo do 25 de maio nas que dicía que dende que está el en Galicia abríronse trinta e sete escolas infantís, di que case unha por mes, e creáronse 2.400 novas prazas.

Eu non vou cuestionar as palabras do Sr. Núñez Feijóo. Pode que si creara trinta e sete escolas infantís e tamén 2.400 prazas, pero dende logo ningunha en Vigo.

Esta é a política do Sr. Núñez Feijóo en Vigo. A política é que non ten ningún interese por Vigo, non ten ningún interese en crear unha escola infantil porque a única política do goberno do Sr. Núñez Feijóo en Vigo con respecto ás garderías foi a de subir as taxas mensuais das garderías ata 87 euros ao mes, cambiar todo o sistema de cheques infantís creando liñas de axuda para o mantemento de garderías privadas e polo tanto nin unha soa praza nova, nin un só apoio para unha gardería da Xunta de Galicia. É máis, o que temos é o peche de dúas escolas infantís: a de As Nogais e a da rúa Palencia.

Esta é a política de escolas infantís da Xunta de Galicia. Non creou nin unha soa praza máis, en tres anos o único que aparece é un anuncio de licitación de mobiliario para a escola da “Gota de Leite”, pero non temos nin unha soa praza máis. O que si temos son garderías o dobre de caras cas escolas municipais e polo tanto seguimos tendo eses problemas de conciliación da vida laboral e familiar e por riba o cheque infantil vaise para as garderías privadas.

Volvemos ao que dicíamos antes: non é cuestión de diñeiro, é cuestión de ideoloxía. En ningún momento a política educativa da Xunta defende ás clases menos favorecidas, en ningún momento está pensando na igualdade, nin na solidariedade. Pola contra o que quere é favorecer a determinados grupos, a determinadas clases e determinadas situacións.

Que fixo a Xunta de Galicia en tres anos na “Gota de Leite”? Nada. Pegar uns carteis e sacar a concurso uns mobles que nin sequera vai pagar porque o diñeiro ven do FEDER e dos fondos que creou o Sr. Rodríguez Zapatero.

SRA. VELOSO RÍOS: Ben sabemos que as escolas infantís son unha necesidade imperiosa na nosa cidade, tanto como recurso de conciliación da vida laboral e familiar, como recurso educativo.

Agora mesmo na nosa cidade hai dúas administracións que se están ocupando deste recurso: o Concello e Xunta e un polo outro a casa sen varrer. Digo isto porque hai tres meses, no mes de febreiro o Partido Popular presentou unha moción neste mesmo Pleno que se aprobou por unanimidade instando ao goberno municipal a abrir de xeito inmediato as escolas infantís de Casiano Martínez e Tomás Alonso, iso si, mentres o Partido Popular no goberno da Xunta pecha na nosa cidade as escolas infantís da rúa Palencia e de As Nogais.

Agora, van ou non abrir a escola da “Gota de Leche”? Porque efectivamente anunciouse que nese centro se ía abrir unha escola infantil pero aínda non se sabe nada. Mentres se lle está pedindo ao goberno municipal que abra aquelas escolas infantís que tamén se comprometeu a abrir e que nalgúns casos seguen sen abrir e bótanlle a culpa á Xunta de Galicia.

Xa sabemos que independentemente do interese amosado polo Partido Popular hai tres meses para que se abran as escolas infantís municipais, as escolas infantís para o Partido Popular non son un recurso educativo, igual que lle dar de comer ou facerlle a cama a un enfermo nun hospital non é sanidade. Iso tamén xa nolo deixou claro o presidente da Xunta.

Pero xa que din facer tanto caso á cidadanía, atender tanto ás demandas dos pais e das nais no eido educativo, fagan caso: atendas as demandas e abran un recurso como é unha escola infantil no centro da cidade que realmente é necesario porque todos os anos segue quedando xente sen praza nas escolas infantís públicas.

O Sr. Figueroa dicía antes que ao goberno local en realidade só lle interesa o enfrontamento coa Xunta de Galicia. Á Xunta de Galicia, que é o que lle interesa? Porque a nos tamén nos gustaría sabelo. Estamos un pouco fartos de vir Pleno tras Pleno e que un mes sexa o Partido Popular quen lle demande os recursos ao goberno local e ao mes seguinte sexa o goberno local quen lle demande os mesmos recursos á Xunta de Galicia. Insisto en que un polo outro a casa sen varrer e as crianzas da nosa cidade sen prazas nas escolas infantís públicas.

Nós imos apoiar esta moción. Igual que no seu momento apoiamos a moción do

Partido Popular para que o goberno local abra as escolas infantís de Casiano Martínez e Tomás Alonso, agora tamén lle imos demandar á Xunta de Galicia que abra a escola infantil da “Gota de Leite”.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Eu non sei se é que estou vivindo un capítulo dos “*Simpson*” porque isto non me parece real, non me parece serio e é un insulto á cidadanía e se o Sr. Núñez Feijóo ven esta cidade presentar libros, coido que non está nada mal, como non está mal que o alcalde baile sevillanas na Feira de Abril, que baile chotis con *chulaponas* e tamén que lle dea un garbeo á verbena da Paloma. Ninguén se mete con ninguén. Lémbrolle tamén, Sr. Rodríguez, que a industria do libro é moi importante nesta cidade por ser punteira dende sempre. Non entendo absolutamente nada, nin entendo tampouco como a Sra. Díaz, unha concelleira á que respecto moito, pode vir dicirnos o de “La Gota de Leche”. Estou convencido de que unicamente é porque non teñen nada que facer, non hai xestión, non teñen gañas de traballar e van pasándose a pelota Pleno tras Pleno. De verdade que aquí non se traballa, non hai xestión. Sinceramente non entendo como poden vir dicir que “La Gota de Leche” se abra cando das corenta e sete garderías que prometeu o alcalde ningunha se abriu.

Pero o que é aínda máis forte é que a Xunta de Galicia lle pedise ao Concello de Vigo unhas cantas cousas que faltan para abrir as garderías de Bouzas e de Tomás Alonso, documento que entrou o 27 de febreiro de 2012 polo Rexistro do Concello de Vigo dende a Xunta de Galicia. Agardo que a Sra. Veloso coñeza estes documentos porque aquí se votou por unanimidade que se abran definitivamente esas dúas garderías e aínda non se abriron.

Eu non acabo de entender esta tomadura de pelo, nin como se pode enganar á cidadanía, aos pais, nais e aos rapaces. E falta de solidariedade?

En efecto, o presidente da Xunta de Galicia, Sr. Núñez Feijóo, ven presentar libros, facer cultura e ademais defender os investimentos nesta cidade. Xa non só falamos do hospital. Coma sempre voulles lembrar un dato: once millóns de euros en educación que non é ningunha broma.

Pero á parte de todo isto, mentres a Xunta ampliou o número de prazas nos últimos tres anos, o Concello non abriu ningunha gardería das que prometeu. Lembremos que o Sr. Caballero prometera na campaña electoral de 2007 que ao

longo do seu primeiro mandato se construírían corenta e sete novas garderías e trece centros de día. Onde están? Por certo, a escola infantil de Valladares segue sen a autorización para os usos dotacionais de telefonía, datos, auga e luz.

Non nos metan presa. Voulles dar unha boa nova: “La Gota de leche” abrirá en setembro. Non sei por que as súas escolas infantís non abren, será porque teremos que agardar a que Ikea chegue por fin a Vigo para que vostedes poidan comprar os mobles para as escolas de Tomás Alonso e Bouzas.

O Concello non abriu nin unha soa escola infantil das prometidas polo que, perdoe Sra. Díaz, non entendo esta hipocrísia posto que a Xunta ampliou o número de prazas nas escolas infantís de Vigo dende o ano 2009 nun 60%. Había 381 cando chegou ao goberno o Sr. Núñez Feijóo e agora mesmo hai 526, sen engadir as futuras prazas de setembro de “La Gota de Leche”. Este aumento debeuse á apertura da escola de Valladares con 102 prazas e ao aumento do número de prazas por reformas na escola da Xunta, de 24 prazas pasouse a 41 e en Caeiro-Cabral de 41 pasouse a 67 prazas. Ao rematar este ano, coa apertura de “La Gota de Leche” o número será de 628 o que suporá este incremento do 60%, sen contar coa boa nova da futura escola infantil que se construírá polo convenio coa Fundación de Amancio Ortega.

Sigo pedindo coherencia, reflexión, seriedade e que no haxa engano á cidadanía. Esta moción que tiña que vir ao anterior Pleno desapareceu e volve aparecer agora. Isto é porque non teñen tempo, non se dedican a facer mocións.

Sr. Regades, a oposición leal, construtiva e responsable traballa moito, non ten tempo para ir á praia. Eu non sei os demais pero dende logo que nós, estes trece concelleiros, non temos tempo porque é verdadeiramente abafante traballar por propostas para Vigo. Querería que agora que se vai cumprir un ano de mandato, saísen diante dos medios a dicir cantas propostas viñeron falar de Vigo, para Vigo, con Vigo e dende Vigo e por construír para Vigo.

Non me veñan con historias tristes e con ese absurdo complexo contra o Sr. Núñez Feijóo que é un presidente que realmente cumpre con rigorosidade e responsabilidade ao igual ca os trece concelleiros que estamos aquí sentados na oposición.

É o único que lles pido: seriedade e non máis enganar.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Está claro que o único que enganou durante estes tres anos foi o Sr. Núñez Feijóo que nese tempo o único que fixo foron fotos, anuncios, pero nada máis.

Falou da Rede de escolas infantís. Eu presentei unha moción sobre el tema na que lles propoñía a vostedes que apoiasen unha rede de escolas infantís públicas e vostedes dixeron que non. Se van abrir “La Gota de Leche”, que lles custaba dicir que si estarían de acordo? Pero non.

É mentira que “La Gota de Leche” se vaia abrir en setembro. É imposible tal e como están os prazos: 15 días de publicación no DOG, presentación de ofertas, apertura de documentación, máis os 60 días de execución que se dan para a presentación dos mobles. Todos sabemos como funciona a Mesa de Contratación e que isto non estará antes de decembro. Polo tanto é unha absoluta mentira que se lles diga aos cidadáns vigueses que en setembro vai estar. E de ser así, por que non saíu xa a oferta de prazas? Porque para matricular aos nenos en setembro tería que ter saído en abril a convocatoria de prazas públicas para “La Gota de Leche” que non saíu.

Respecto ás que imos abrir nós, a de Casiano Martínez en Bouzas e a de Tomás Alonso, non me estraña que o Sr. Caballero estea na contra do Sr. Núñez Feijóo porque lles conto: 26 de abril do 2011, solicitude á Xunta para a apertura; resposta negativa o 27 de maio de 2011. O 27 de outubro do 2011 de novo se volve solicitar a licenza de apertura das escolas con reiteración o 27; resposta negativa da Xunta o 15 de novembro do 2011. De novo o 18 de novembro do 2011 vólvese solicitar a apertura e hai outra volta unha resposta negativa. Nós seguimos insistindo porque somos teimudos e así o 27 de decembro do 2011 solicitamos novamente o inicio da actividade á Xunta; resposta en febreiro dicindo novamente que non. Estamos ata as narices.

Como lles digo, a Xunta non ten intención nin de abrir “La Gota de Leche”, nin de deixar que o alcalde abra as dúas escolas infantís que ten programadas porque levamos máis dun ano insistíndolle á Xunta de Galicia a licenza de apertura e a Xunta teimudamente dicindo que non.

Con respecto á escola de Navia de novo outra mentira máis porque si que se falou co alcalde, se lle consultou a idea de abrir unha nova coa Fundación Amancio Ortega e nós dixemos que si. Dende ese día non volvemos saber ren,

non sabemos que pasa con esa famosa escola que queren construír en Vigo. Ao mellor temos que agardar outros tres anos ou máis como coa “Gota de Leche” porque como xa dixen pasaron tres anos, houbo moitas fotos polo camiño, moitos anuncios e o único que temos é un DOG de maio que di que se tardará.

(Están ausentes as Sras. García Míguez, do Grupo Popular, e Silva Rego, do Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Díaz Vázquez, relativa á inmediata apertura da escola infantil na “Gota de Leche”, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

6.- ASUNTOS URXENTES.

Non se presentaron.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1.- (96).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 26 de abril e 24 de maio de 2012.

1.2.- (97).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 26 de abril e 24 de maio de 2012.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se presentaron.

3.- COMPARENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non se realizaron

4.- MOCIÓNS.

4.1.- (98).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO A POSTA EN MARCHA DUN PLAN XUVENIL MUNICIPAL E ELABORACIÓN DUN PROGRAMA DE ACTIVIDADES PARA A MOCIDADE NO VERÁN 2012. EXPTE. 465/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15.05.2012, número 465/1101, o concelleiro do Grupo municipal do Partido

Popular, Sr. Pérez Davila, formula a seguinte moción:

“Vigo é a primeira cidade de Galicia e atópase a piques de chegar aos 300.000 habitantes, cifra que supera o medio millón cando falamos da Área Metropolitana de Vigo.

Das preto de 300.000 persoas que residen na nosa cidade, máis de 80.000 somos menores de 30 anos, o 24 % da poboación Viguesa atopámonos na franxa de idade máis nova.

Dende o Grupo Municipal do Partido Popular entendemos que este sector de poboación non soamente debe ser atendido polo goberno municipal, senón que o goberno debe realizar unha planificación estratéxica de todas as súas actuacións encamiñadas ao beneficio daqueles que representan o presente e sobre todo o futuro da nosa cidade.

Lonxe de implantar unhas políticas de Xuventude eficientes en todos os aspectos, (lúdicos, formativos, medioambientais, de lecer e sobre todo laborais, etc) estanse a producir recortes en materia de Xuventude a nivel municipal, e nos últimos anos o presuposto para esta área viuse paulatinamente reducido, incluso eliminándose Plans que xa cando se atopaban en funcionamento recibían unha contía ínfima e totalmente escasa.

Dende o Grupo municipal do Partido Popular somos conscientes da difícil situación que nos toca vivir, pero elo non debe servir como escusa para reducir contías destinadas a un sector estratéxico e esencial para Vigo.

Así mesmo, atopándonos próximos ao remate do curso lectivo, e coa proximidade do comezo da época estival e as vacacións da maioría de mozos e mozas, o Concello de Vigo está carente dunha oferta atractiva de actividades de verán, en todos os aspectos, tanto a nivel formativo, deportivo, medio ambiental, laboral ou de lecer.

Nesta Liña, programas de Lecer Nocturno como “Noites Vivas” foron pechados. Programas, que malia que poderían ser modificados para resultar realmente atractivos, ofrecían actividades alternativas de ocio nocturno en diferentes puntos da cidade.

Vigo necesita dar a importancia que se merecen os mozos e mozas da cidade, cunha traballada planificación en política xuvenil que de forma transversal e continuada, dea resposta ás necesidades da mocidade, así como tamén precisa dunha planificación atractiva de actividades para a próxima época de verán.

Por todo isto, o grupo municipal popular somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

- 1.- Redacción e posta en marcha dun Plan Xuvenil Municipal.
- 2.- Elaboración dun programa atractivo de actividades para o verán de 2012

destinadas á mocidade viguesa.”

A comisión informativa de Medio Ambiente, Xuventude e Igualdade, na súa sesión do 21.05.2012, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. PÉREZ DAVILA: Na miña primeira intervención neste Pleno municipal como concelleiro e como en todas as ocasións nas que falei publicamente, voules solicitar o de sempre: Esiximos ao goberno municipal que faga da mocidade viguesa unha prioridade na súa xestión e que dunha vez por todas comece a traballar polos mozos e mozas desta cidade. Dito isto, que non é pouco, vou agora ao fondo do debate.

Hoxe pode ser un gran día para a mocidade viguesa, pero isto dependerá unicamente do que se decida neste Pleno municipal, de se decide ou non comezar a traballar de forma coordinada por sentar as bases na elaboración dunha política eficiente de xuventude, unha política de consenso transversal e estable no medio prazo de tempo.

Das preto de 300.000 persoas que vivimos nesta cidade, case 90.000 somos menores de trinta anos. Este ten que ser un motivo máis ca suficiente para que dende este Concello exista unha preocupación real e constante na elaboración de políticas de xuventude eficientes. Sen embargo algo estraño e incompreensible acontece: que a mocidade viguesa sufrimos a un alcalde que hipoteca continuamente o noso futuro. Atender ás necesidades da mocidade non só é levar a cabo políticas de xuventude, inexistentes por outra parte na nosa cidade. Atender ás necesidades da mocidade é tamén non boicotear accións ou proxectos que xa son importantes a día de hoxe, pero que o serán moito máis nun futuro no que mozos e mozas comecemos e iniciemos os nosos proxectos de vida independentes.

Lonxe de iniciar políticas de xuventude eficientes en todos os aspectos: lúdico, formativo, medio ambiental, de lecer e tempo libre, de emancipación e sobre todo a nivel laboral, etc., estanse a producir recortes en materia de xuventude a nivel municipal. Neste último exercicio o orzamento para esta área viuse reducido, eliminándose mesmo plans que xa cando se atopaban en funcionamento recibían unha contía ínfima e totalmente escasa.

Por todo isto propoñemos a este Pleno municipal a aprobación do inicio da redacción dun Plan xuvenil municipal co que sexamos capaces de comezar a sentar as bases para desenvolver políticas de xuventude municipais necesarias. Un Plan xuvenil municipal que ten que ser transversal en todos os sentidos e para todas as concellerías, para ofrecer respostas e alternativas en cuestións tan importantes como a vivenda e a emancipación, a formación, o lecer e prestando un maior interese ás políticas de emprego xuvenís.

Un Plan xuvenil municipal que non debe ser pensado para un período curto de tempo, senón estruturado nun horizonte temporal amplo, no que traballemos dun xeito continuado en materia de xuventude. Xa existen outras localidades en España, algunhas delas moito máis pequenas ca Vigo, que teñen aprobado xa os seus plans xuvenís municipais que lles serven como folla de ruta para traballar nese sentido.

A Bañeza con 11.000 habitantes aprobou o seu Plan xuvenil municipal no ano 2008, Ávila con 60.000 habitantes xa vai polo seu segundo plan xuvenil, Burgos con 180.000 habitantes tamén ten o seu segundo Plan xuvenil, Valladolid con 313.000 habitantes aprobou no 2009 o seu segundo Plan xuvenil, Valencia con case 800.000 habitantes ten o Plan da Xuventude para a cidade de Valencia e Madrid, a capital deste país, con tres millóns e pico de habitantes ten tamén aprobado o “Plan juvenil municipal”.

Con esta iniciativa dende o Partido Popular ofrecemos unha oportunidade ao goberno municipal de Vigo, a ese goberno ao que tanto lle gusta falar de gobernos anteriores e do pasado desta historia da cidade, para pasar, agora si, á historia desta cidade como primeira Corporación municipal en elaborar un Plan xuvenil municipal para a mocidade de Vigo.

Así mesmo quero aproveitar a ocasión para realizar outra solicitude ao goberno da cidade: xa que nos atopamos moi próximos ao final do curso académico e ao inicio do bo tempo e da época estival, coas vacacións da maioría dos mozos e mozas, o Concello de Vigo carece dunha oferta atractiva de actividades tanto a nivel formativo, deportivo, medio ambiental, laboral ou de lecer e tempo libre.

Cando lle falo disto refírome a unha oferta atractiva de actividades para o verán, non me refiro a seguir facendo exactamente o de sempre, cambiando sinxelamente dúas cousas para que pareza algo novo como se fixo a semana

pasada, logo de que dende este Grupo municipal Popular se esixira un novo e ambicioso Plan xuvenil para actividades estivais. Falo de elaborar un ambicioso programa de actividades que poida dar cabida ao maior número posible de mozos e mozas en diferentes tramos de idade, para actividades lúdicas, campamentos, excursións fóra e tamén dentro de Vigo para coñecer a cidade, concertos distribuídos ao longo da nosa xeografía, acceso ás instalacións municipais, actividades nos areais, organizacións de xogos e aventuras ao longo da cidade e un longo etcétera, que faría que a mocidade de Vigo tivese acceso a novas formas de lecer neste vindeiro verán e así que verdadeiramente sinta que forma parte da que debería ser a cidade máis cosmopolita de Galicia.

Como programa de actividades para verán veríase incrementada a participación da xuventude viguesa na vida activa da cidade e se isto é verdadeiramente atractivo, poderíamos atraer a esta cidade a mozos e mozas doutras localidades. Nesta liña estarían os programas de lecer nocturnos como o coñecido “Noites Vivas” que se cancelaron polo Concello, uns programas que malia que poderían ser redefinidos para seren máis atractivos, atópanse totalmente cancelados.

Ofrecemos todo o noso apoio e colaboración a todos os grupos e ao goberno municipal se este decide traballar dunha vez por todas pola mocidade e para que os mozos de Vigo non sintan que están esquecidos.

SRA. VELOSO RÍOS: Nesta moción o Partido Popular pide unha oferta para a programación do verán e un Plan xuvenil.

O Sr. Pérez Davila na súa intervención fixo unha serie de acusacións, enumerou unha serie de problemas coas políticas de xuventude neste Concello bastante pouco concretas. Dicar que se non é unha oferta atractiva, que se o alcalde hipoteca o futuro da mocidade..., sen cuestións concretas digamos que é un discurso moi bonito dende o punto de vista estilístico, hai que o recoñecer, pero con bastante pouco contido.

Poderíamos falar dos recortes que se fixeron en política de xuventude na Xunta de Galicia con datos concretos. Poderíamos falar da eliminación do noite-bus, do desmantelamento dos centros “Quérote” que se converten en puntos de información xuvenil sen as actividades que tan ben estaban funcionando. Podemos falar das axudas a emprendedores novos e de infinidade de recortes.

Poñendo un caso concreto na nosa cidade, podemos falar da Rede galega de locais de ensaio. Agora mesmo os locais de ensaio que están funcionando son aqueles que quedaron en mans municipais como o de Vigosónico, que realmente está ofrecendo un lugar onde desenvolver moitas actividades á xente moza da nosa cidade porque afortunadamente a Xunta de Galicia no seu momento financiou a construción, pero a xestión quedou en mans municipais, senón agora estaría pechado como tantos locais de ensaio do noso país.

Cando falamos do programa de verán eu quero lembrar que o Partido Popular tamén tivo competencias en xuventude. O último ano do seu mandato a concelleira de Xuventude daquela, D^a Lucía Molares, presentaba as actividades de verán polas mesmas datas que se presentaron este ano, porque todo o mundo sabe xa a estas alturas que o primeiro de xuño sempre comeza o prazo de inscrición para as actividades de verán e daquela presentaba unhas actividades que tiñan setecentas prazas.

O ano pasado, nos últimos programas de verán que se presentaron, había dúas mil prazas de tal xeito que se cubría a demanda desta cidade. Ademais se presentan nestas datas para poder atender á xente que queda fóra da oferta da Xunta de Galicia, que é sempre escasa para este país; é por sorteo e moita xente xa acode directamente ao Concello para poder ofrecer actividades de verán aos seus fillos e fillas.

Ademais hai que ter en conta que as actividades do Concello son xa para nenos e nenas a partir dos catro anos ata os dezoito, mentres que as da Xunta son a partir dos nove anos, deixando sen atender en absoluto un tramo de idade que precisa realmente de actividades de verán. Ademais disto, tamén deixa sen atender a determinados sectores sociais: mozos e mozas con discapacidade. Vostedes no folleto que publicou a Xunta de Galicia chámanlles discapacitados, nin sequera poden solicitar a praza no mesmo período que o resto dos mozos e mozas e hai corenta prazas de integración nos campamentos para todo o país. Os mozos e as mozas con discapacidade tamén existen.

Vostede ademais mesmo propón que atendamos a rapaces e rapazas doutras localidades. Iso será cousa da Xunta de Galicia, non do Concello de Vigo.

Solicita un Plan xuvenil. Como o queren? Como a Lei de xuventude da Xunta de Galicia? Porque vostedes acaban de levar unha Lei de xuventude ao Parlamento

galego. Efectivamente, é a primeira vez que levan unha Lei de xuventude para cubrir o trámite de facer políticas de xuventude segundo as entenden vostedes, que é sen ningún tipo de participación. Non participaron as asociacións xuvenís do noso país. Todo o método de participación que propuxo a Xunta de Galicia foi publicar o borrador do proxecto de lei na páxina web e as asociacións que quixeran presentar algo, que o presentaran. Aquelas que presentaron suxestións non foron respondidas nin atendidas. Levaron o borrador ao Parlamento.

Todos sabemos que agora mesmo no noso país o problema fundamental dos mozos e mozas é o desemprego. Un de cada tres menores de trinta anos está no paro. Vostedes dedícanlle catro liñas ao Título que leva o encabezamento "Xuventude e emprego". Ventilán todas as políticas transversais da Lei de xuventude en tres páxinas.

Por exemplo, falaba vostede de vivenda? En vivenda resumen vostedes en dúas liñas: "Artigo X. Xuventude e Vivenda: A Xunta de Galicia facilitará os procesos de autonomía persoal da xuventude desenvolvendo políticas transversais que favorezan o acceso da xente nova a unha vivenda digna". Moi ben. Como?

Esta lei non ten Memoria orzamentaria, ningunha proposta concreta para a xuventude. Queren así o Plan xuvenil municipal? Porque así podemos sacar dous ao ano se vostedes queren.

Aplíquense esta necesidade de atender á mocidade galega na Xunta de Galicia e logo veñan dar leccións.

SRA. LAGO FERNÁNDEZ: A súa primeira intervención foi moi sorprendente, sobre todo polo descoñecemento que ten do Plan xuvenil deste Concello que acaba de presentar unha oferta de verán para a mocidade como xamais houbo neste Concello, que ampliou as prazas a 2.700 para mocidade e a transversalidade é maior ca nunca porque participan, ademais da Concellería de Xuventude, a de Participación Cidadá, a de Deportes, Medio Ambiente, Consumo, VigoZoo, Igualdade e Benestar Social.

Tamén está vostede moi desinformado no que atinxe ao orzamento porque con respecto ao ano anterior sobe. A Concellería de Xuventude aumentou un 24,18% o seu orzamento. Penso que vostede non repasou ben, nin sabe de que está a falar.

A Concellería de Xuventude do Concello de Vigo conta nestes momentos cos seguintes servizos estables (isto é importante) dirixidos á mocidade viguesa: ten unha Oficina municipal de información xuvenil situada na Casa da Xuventude, por onde o convido a pasar, que presta servizos de información especializados en asesoramento socio-laboral, psico-educativo, de lecer, de turismo, musical e participación xuvenil en xeral, ademais doutros temas xerais de interese para a mocidade. Non os inventamos nós, son a súa demanda: vivenda, asociacionismo, voluntariado. Esta oficina ademais está integrada na Rede galega de información xuvenil.

Temos un punto de información xuvenil no *Punto Xove* situado no centro da cidade que oferta servizos de información de interese para a mocidade, vinculado coa oficina municipal. As persoas atendidas no ano 2011 nos servizos de información xuvenil foron 38.654. Os mozos decátanse de que existen.

No espazo de lecer alternativo do Castro, "Súbete ao Castro", poden realizar actividades promovidas e dirixidas sempre para a mocidade. As actividades que aquí se realizan son de carácter alternativo, saudables e cumpren sempre cun compoñente educativo. No ano 2011 participaron un total de 11.600 mozos e mozas.

Como vostede lembrará, o Sr. Domínguez Olveira no seu momento foi o concelleiro encargado de levar adiante o "Vigosónico", espazo de nova creación dirixido principalmente ao colectivo xuvenil con intereses musicais, creativos e artísticos e tamén un espazo de encontro para a mocidade que ten ademais actividades de lecer, saudables, formativas... Pola semana ensaian 108 grupos de xente nova. É dicir, decátanse de que existe. Aos programas están adscritas 547 persoas novas.

Temos o BIX que semanalmente se envía a través de correo electrónico a 2.492 correos persoais ou colectivos diferentes. Temos a páxina web da Concellería de Xuventude que contén en boa parte do seu espazo temas de información e as novas máis interesantes cara á mocidade demandadas por ela, tanto públicas como privadas e que no mes de abril recibiu un total de 19.866 visitas. Ademais de estar en redes sociais: facebook, twenty...

Temos espazos con novas tecnoloxías, con rede wifi, trinta e oito postos de internet, traballos en rede coas diferentes asociacións e colectivos xuvenís,

ludotecas para os cativos, Servizo de asesoramento nutricional e hábitos saudables como “Síntome ben”.

A Xunta de Galicia acaba de sacar un programa de “Galicia saudable” sen presuposto. O “Síntome ben” de Vigo mantense con diñeiro municipal e só nos meses que leva na Casa da Xuventude xa pasaron por alí 960 mozos e mozas.

En canto ao programa “Noites Vivas”, daquela non existía o “Vigosónico” e a xente nova prefire este último ou as actividades nocturnas de “Súbete ao Castro”.

Con respecto ao orzamento, xa lle dixen que a partida deste ano ascende a 1.249.652,28 euros. Lea ben o orzamento porque aumentou, aumentaron as actividades, as prazas, os espazos para a mocidade para deportes, campamentos, concertos, actividades, xuntanzas... Aumentouse todo e hai máis transversalidade ca nunca.

Penso que debería estar un pouco máis informado.

SR. PÉREZ DAVILA: Decía a Sra. Veloso que non concretei na miña primeira intervención. Si, é complicado concretar cando se presenta un programa de actividades que ven sendo o mesmo de sempre.

Sra. Lago, penso que non me fala do Plan xuvenil que presentaron o xoves pasado, porque se o xoves saíron presentalo foi porque nós o luns demos unha conferencia de prensa solicitando que vostedes saísen cun Plan xuvenil. Vostedes saen o xoves e mesmo logo o domingo xa se rin os xornais porque nin sequera sae a concelleira de Xuventude.

Aproveito para lle dar a benvinda porque non sei se será unha das primeiras veces que intervén. É esta unha das poucas veces que escoitei a súa voz.

Tanto a Sra. Veloso como a Sra. Lago falan aquí do “Vigosónico”. “Vigosónico” é un espazo moi necesario e dende logo está a ser ben utilizado pola mocidade desta cidade, un espazo que lle lembro que ten problemas de abastecemento e hai cortes na subministración eléctrica. Teño aquí os datos da situación do “Vigosónico”: sete locais de ensaio, un local de usos múltiples e un estudo de gravación. Vostedes agora me dirán que se fixo polo bipartito anterior.

Xa que vostedes falan tanto da Xunta de Galicia, voulles falar do que fai a Xunta en materia de xuventude.

O bipartito anterior dos señores Touriño e Quintana o único que fixeron en canto ao “Vigosónico” foi unha conferencia de prensa dicindo que ían facer aquilo que logo non fixeron. Nesa conferencia de prensa dixeron que farían “Vigosónico” pero sen o dotar de ningún tipo de orzamento.

A diferenza do anterior, chega ao goberno ese home que tanto lles gusta a vostedes, D. Alberto Núñez Feijóo, e o que fai coa Secretaría Xeral de Xuventude e a través de Ovidio Rodeiro, director xeral de Xuventude, é dotar cun millón de euros, cantidade que se engade a todos os investimentos da Xunta de Galicia que aquí se están relatando. A partir de aí, evidentemente logo de trinta anos de democracia nesta Comunidade Autónoma é realmente un goberno do Partido Popular quen aproba a primeira Lei de xuventude. Se vostedes queren falar da Xunta de Galicia, facémolo.

Eu, como mozo desta cidade e como mozo galego de vinte e catro anos, síntome moi orgulloso de que sexa a Xunta de Galicia do Partido Popular e do Sr. Núñez Feijóo a que dote dun millón de euros ao “Vigosónico” e tamén por esa Lei de xuventude.

Dixo a Sra. Lago que aumentou o orzamento en materia de xuventude. Se imos aos datos vostede non dá datos errados, pero se vostede como concelleira desta cidade di que aumenta o orzamento este ano, a verdade é que me preocupa moito que vostede sexa a concelleira de Xuventude desta cidade. Di vostede que o orzamento aumenta en 250.000 euros, pero iso é para pagar dous “*pufos*” do ano pasado, un de 228.000 euros e outro que ronda os 12.000 euros. É un orzamento dunha cidade que debe ser a máis cosmopolita de Galicia. Se o orzamento desta cidade aumenta para pagar “*pufos*” do ano pasado, estamos moi preocupados.

(Están ausentes as Sras. García Miguez, do Grupo Popular, e Silva Rego do Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO: Con vinte e dous votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros

membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro e tres abstencións do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo Sr. Pérez Davila do Grupo municipal Popular, relativa á redacción e posta en marcha dun plan xuvenil e dun programa de actividades para o verán 2012, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.2.- (99).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO A APROBACIÓN DUNHA PROPOSTA CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS PARA UN PLAN DE ACCIÓN CULTURAL PARA A CIDADE. EXPTE. 467/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15.05.12, número 467/1101, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Relova Quinteiro, formula a seguinte moción:

“Vigo como cidade xeradora dunha cultura para toda unha sociedade equilibrada e co compromiso de xerar emprego. A creatividade é un ben social e a forma de facelo explícito e concreto é a través da xestión cultural. A cultura como unha industria que pasa por unirse a todos os axentes da sociedade e a todas as forzas vivas da cidade: Empresas, comercios, turismo, entidades públicas e privadas.

A cultura, factor de transformación dunha sociedade vigorosa, emprendedora e esixente coa calidade da industria cultural.

Por todo iso, e ante o abandono e escaso interese que o alcalde ten pola cultura e por todo o que xera, o Partido Popular ofrece e propón mecanismos para facer unha cultura de calidade, baseada no apoio á creación, á interpretación, á xestión e á produción, a través dun Plan de acción Cultural para a cidade de Vigo.

Por todo isto, o grupo municipal popular somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

Instar ao goberno municipal a aprobar unha proposta de traballo conxunta con todos os grupos do Pleno para facer realidade un Plan de Acción Cultural para a

cidade de Vigo.”

A comisión informativa de Política Social, na súa sesión do 21.05.2012, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. RELOVA QUINTEIRO: Antes de nada quero dicir que eu non veño dar leccións de ningún tipo. Facemos esta proposta dende o Partido Popular partindo da base dunha serie de factores que se están dando neste momento e que serven de desenvolvemento para esta moción, pero desexo aclarar que o Grupo municipal do partido Popular ven presentar non unha proposta, desexa pedir que os tres grupos deste Pleno se reúnan para integrar unha comisión de planificación de traballo. Coido que entre todos podemos facer unha proposta baseada na racionalización dos recursos dos contedores e contidos culturais da cidade de Vigo, sempre dende o Concello.

Mesmo nesta moción desexamos propoñer aos representantes desa futura comisión, en primeiro lugar polo cargo que desenvolve a Sra. Abelairas, que dispón dun gran equipo de persoas no seu departamento altamente cualificadas, como Ignacio Oliveira, Jesús Moure, Marta Núñez e Xosé Hermida; do Grupo do BNG, coido que pola súa experiencia no campo da cultura e as súas brillantes iniciativas para esta cidade, debería estar D. Santiago Domínguez e, por suposto, o Grupo Popular decidirá a persoa axeitada para engadirse a esta comisión.

Creemos que os políticos debemos estar á altura das circunstancias que nos tocaron vivir pero, por que se presenta en maio de 2012 este Plan de acción cultural para Vigo? Vigo vive o mellor momento da súa historia en canto a profesionalidade no campo da xestión, produción, formación e un talento creativo excepcional. Remítome aos seguintes datos: 3.000 persoas en Vigo están afiliadas á Seguridade Social, vinculadas ao sector das industrias culturais e máis de 30.000 persoas viven ou se relacionan coa produción artística. Queda claro que a cultura é xeradora de emprego.

Existe un tecido de máximo nivel en canto a contedores de artes escénicas, pero sen unha cualificación previa en canto a contidos: Auditorio Mar de Vigo, Auditorio municipal, Centro Cultural Novacaixagalicia, Auditorio Martín Códax do Conservatorio Superior de Música de Vigo, Teatro da Escola Superior de Arte

Dramática de Galicia, salas de teatro privadas, salas de fundacións, Rede de centros cívicos e veciñais, Auditorio de Castrelos, etc.

En canto á Rede museística ocorre o mesmo e as extraordinarias coleccións que residen en Vigo en espazos tan emblemáticos como o Museo Quiñones de León, ao que se lle debe prestar especial atención en canto aos seus vellos estatutos e relanzalo definitivamente, ao igual que a nova Pinacoteca ou a extraordinaria labor do Museo Marco, aproveitar neste tecido a nova filosofía do Museo do Mar. Non podemos esquecer o Arquivo Pacheco, o Museo Liste, o Centro de Artesanía Tradicional, o Verbum que debería epitomizar toda a produción literaria da nosa cidade vinculada ás editoriais e cultura do libro, e o Centro Galego de Fotografía do que polo momento nada se sabe.

Todo isto esixe unha nova estruturación dentro do novo concepto dunha cultura que esixe racionalidade e convivencia institucional e neste caso co turismo que viaxa cara Vigo, xa sexa ata o seu porto ou por outros medios.

O potencial económico da cultura na cidade é unha realidade tanxible, non un sono nin un ideal.

Non nos podemos esquecer da creación contemporánea, dos novos talentos en artes plásticas e artes escénicas. Vigo es potencia número un neste ámbito. Patrimonio, arqueoloxía, etnografía, historia e un porto que debe rescatar a implicación do que supuxo para Vigo a emigración. Sería unha fonte inesgotable establecer relacións cos países que nun momento dado foron receptores das nosas familias.

A Vigo fáltalle potenciar a súa cultura do mar que se desenvolve dende as Cantigas de Amigo de Martín Códax.

Vigo vive nun momento de esplendor en canto a compañías teatrais, conservatorios, orquestras, bandas, corais... A pregunta é, que cidade do Estado español, ademais de todo isto, pode presumir de patrimonio cultural en canto á música tradicional, folk, rock, pop, etc.? E a extraordinaria importancia que van adquirindo as industrias cinematográficas ou o referente internacional en cultura urbana: graffiteros e diversidade, por non falar de patrimonios inmateriais como as Regueifas.

Como segunda parte desta moción non podemos esquecer a xestión directa de festivais de artes escénicas como "Sin Sal", "O marisquiño", "Vigo Transforma",

“Imaxina Sons”, etc.

Outro factor a ter en conta é a rede de asociacións que potencia case de xeito orfo unha cultura para toda a sociedade viguesa, así como a importancia que ten o papel da muller na nosa historia e como parte activa dende diferentes organizacións.

É moi importante poder crear un organismo independente e que rompa co clientelismo, que poida decidir comprometerse nun documento que asinarían administracións públicas e empresas que poida garantir a moi longo prazo a estabilidade das programacións, evitando así que se prexudiquen por cambios políticos ou a caída en picado que producen as épocas de crise.

Pero ademais de todo isto, as persoas vinculadas á cultura son as que mellor se adaptan ás circunstancias e ademais fan as cousas motivadas pola ilusión.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Menos mal, Sr. Relova, que non nos viña dar leccións.

Dicía o Sr. Pérez que concretar non é mentir. Se o actual director xeral de Xuventude veu aquí traer un millón de euros foi porque ese diñeiro estaba asinado polo anterior director xeral de Xuventude nun investimento que contemplaba dúas plurianualidades. Hai que dicir as cousas. Concretar é dicir as cousas como son.

As argumentacións que antes deu a nosa compañeira, Sra. Veloso, pódense practicamente trasladar aquí pero evidentemente no eido da cultura.

Volvemos estar diante dunha moción claramente oportunista porque en primeiro lugar non se pode falar dun Plan de acción cultural, darnos agora toda unha serie de datos do ben que está a cultura en Vigo e no noso país e logo, cando se presenta realmente a resolución que é o que imos votar, e eu sigo a insistir en que hai que lle dicir á cidadanía o que aquí se vota, nin nos antecedentes desa moción, nin na propia proposta, Sr. Relova, hai unha soa liña de como queren vostedes facer un Plan de acción municipal.

É normal que non haxa nin unha soa liña. Case o preferimos porque medo nos dan os señores do Partido Popular se nas súas mans queda a creación dun Plan de acción cultural. Medo nos dan se o que queren de cultura para esta cidade é o que practican coas súas accións e iniciativas culturais na Xunta de Galicia. Mal andamos se iso é o que pretenden para esta cidade porque por parte da Xunta

de Galicia hai un abandono e unha falla de planificación total para os sectores culturais do noso país. Isto non o di o BNG, senón que os propios sectores culturais. Di iso o propio sector do audiovisual que ve como se lle reducen as axudas e como non hai unha política clara. Tamén o di a xente do noso teatro, a da produción cinematográfica, as xentes das producións literarias, as das artes plásticas. Estes colectivos din que nos tres anos do Sr. Núñez Feijóo un traballo iniciado pola anterior conselleira de Cultura estase tirando pola borda. Por iso medo nos dan.

No que se refire á nosa cidade, nestes tres últimos anos o investimento da Xunta de Galicia no eido cultural foi de cero euros.

Evidentemente vostede non o vai dicir agora, pero eu lle lembro, Sr. Relova, cando vostede era director dun famoso festival desta cidade, "Are More", como vostede mesmo e máis eu queixabámonos da falla de apoio da Xunta de Galicia para con este festival en comparación co que se estaba facendo noutras cidades, mesmo do noso país. Seica agora evidentemente vostede non o vai recoñecer.

No que si estamos de acordo co Partido Popular é con que a cultura ten unha gran potencialidade tamén na creación de emprego. Tamén estamos de acordo con que neste último ano se demostrou por parte do goberno local un absoluto e total desinterese e abandono da nosa programación cultural. Niso si que estamos de acordo. Existe unha total indefinición da rede museística de Vigo que deixou en marcha o Bloque Nacionalista Galego. Efectivamente pecháronse museos como o Liste ou o Centro de Artesanía Tradicional. Non se segue na potenciación do Museo Quiñones de León como verdadeiro museo da cidade e, mesmo unha auténtica xoia museística como é a Pinacoteca, neste mesmo ano non mereceu por parte do goberno local nin unha soa iniciativa para a potenciar non só na nosa cidade, senón que tamén fóra dela.

Efectivamente tampouco existe, como xa puxo de manifesto a Sra. Veloso, nin unha soa iniciativa nin un só traballo para potenciar e preservar o ben cultural máis importante que temos como é a nosa lingua. Ren de ren.

Non é problema de orzamento. Eu si que me fago eco das propias palabras do alcalde cando di que temos o mesmo orzamento que tiña o BNG, proba evidente de que o que non saben é xestionar. Se cos mesmos cartos non fan nada, é proba evidente de que vostedes, señores do goberno local, non saben xestionar o eido

cultural.

Iso tampouco é que o digamos nós, dino así os grupos de teatro da nosa cidade, os grupos de música, os produtores literarios, as entidades culturais que están a ser abandonadas, os fotógrafos, a xente que sempre pula polo Arquivo Pacheco ou por ese Centro galego de fotografía que, por suposto, logo dun ano non sabemos absolutamente nada del.

Señores do Partido Popular, defendan polo tanto na Xunta de Galicia unha política cultural clara e neste goberno local tamén pularemos por iso, pero non imos apoiar esta moción en absoluto. Absterémonos.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Pídlle, Sr. Alcalde, que sexa un pouco flexible co tempo porque eu si pretendo, Sr. Relova, dar unha lección. Dixo vostede que non quere de ningún xeito dar unha lección a ninguén. Coma eu son mestra si pretendo dar algunhas leccións, poderanse ou non entender, un poderalas aprender ou non, pero as darei dende o cariño e dende o respecto.

Dende o respecto dígolle que valor si ten e téñollo que recoñecer porque dicir exactamente “extraordinario labor do Marco” cando a Xunta de Galicia e a Deputación acaban de marchar do Marco e é o Concello o único que pon 880.000 euros para o manter. Menos mal que rematou o da “mili” porque de non ser así na “*cartilla*” poñería en maiúsculas o de “valor se lle supón”. Extraordinario labor do Marco unha vez que se vai a Xunta de Galicia e máis a Deputación e só queda o Concello, única e exclusivamente, para manter o Marco. Gracias por recoñecer ese extraordinario labor do Marco.

Fixo vostede un relatorio do que se está facendo en Cultura. Eu non o vou repetir porque efectivamente ten toda a razón do mundo pero quero aclarar dúas cousas. Coido que fun eu quen no seu momento recuperou as regueifas.

Outra cousa que aclarar vai sobre os directores dos festivais, os directores de determinadas actuacións do Concello.

Ás veces hai convenios que se asinan con entidades que, pola razón que sexa, unha das persoas ten coñecementos diso e eríxese en director para organizar, cousa que non ten nada que ver coa estrutura orgánica do Concello, absolutamente para nada. Ás veces me parece, entre comiñas dende o respecto e que ninguén se sinta aludido, unha inmoralidade ser director dunha

determinada actividade nun determinado momento e pretender seguir séndoo despois para sempre. Coido que para seren funcionario hai que se presentar a unha oposición, traballala e esforzarse. Iso tamén forma parte de todo iso que se chama seriedade e responsabilidade.

Sr. Domínguez Olveira, creo que non se poden facer xuízos negativos logo de deixar unha área. Ata agora estivemos seguindo máis ou menos os procedementos das actividades que se viñan realizando, que non vou relatar porque xa o fixo no seu momento o Sr. Relova, pero si quero salientar que non se suspendeu absolutamente nada e si se está intentando racionalizar o gasto. Falando de racionalizar o gasto haise que referir á Xunta de Galicia e á Deputación porque se foron, desapareceron e non están aportando absolutamente nada.

Nin se pechou o Museo Liste nin ningún outro e o que si se fixo foi unha política conxunta para os museos. A cidade de Vigo considérase un gran museo con diferentes contedores. Non é xusto nin normal que o Verbum tivera 250.000 euros para programación e o Museo de Castrelos 76.000 euros.

Entendámonos. Haberá que poñer as cousas no seu sitio e facer as cousas mellor ou peor, pero cando menos cun pouco de sentido común.

O Museo Liste pecha porque din que hai un erro, aparecen 6.000 euros onde tiñan que aparecer 96.000 euros. O erro é moi grande pero ninguén se decatou, ninguén presentou unha emenda aos orzamentos para que onde di “6.000 euros”, diga “96.000 euros”. Esa foi toda a lea que houbo co Liste. Cando falei con eles non entendín por que non se presentara unha emenda aos orzamentos.

O Museo Liste e o Centro de Artesanía Tradicional vanse xestionar de xeito conxunto porque son complementarios e porque as actividades que teñen poden ser perfectamente complementarias e facer un uso racional dos espazos.

En canto ao Arquivo Pacheco por primeira vez se regula a autorización da reprodución do Arquivo Pacheco, por primeira vez entran no Arquivo Pacheco as recomendacións da Asociación de Arqueiros de Galicia, que non se fixo público pero estiveron connosco e recomendaron que se faga un estudo que fale da conservación, da base de datos, da catalogación e da difusión.

Dende o goberno municipal e dende a miña concellería preténdese facer as cousas dunha forma seria.

Nesta moción ímonos abster.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Coido que ninguén se decatou do contido da moción: unha proposta para traballar conxuntamente. Que non nos diga ninguén que non facemos propostas, que non queremos traballar, colaborar ou dialogar. Evidentemente vostedes seguirán illados.

Sr. Domínguez, lémbrolle que foi D^a Ánxela Bugallo quen retirou o apoio ao festival "Are More". De verdade que o sentín.

Eu si que traía unha diagnose do que debe ser a cultura en todos os ámbitos: comercio, comunicacións, diversidade... pero non hai interese polas propostas porque veñen do Grupo Popular, do grupo da oposición e non interesan.

Eu tiña feito aquí un bo traballo, non no sentido de calidade, senón un traballo que me levou tempo pero xustifica a unión dos tres grupos para poder facer algo pola cultura nesta cidade. Ademais, como dixo a Sra. Alonso o outro día emulando a Francisco Umbral: "Eu veño falar do meu libro", pero ao revés, eu non vin falar do meu libro, nin me propuxen para esta comisión, nin moito menos.

O que é moi triste, Sra. Abelairas, e non me dirixo a vostede persoalmente, é que un goberno municipal se aproveite de forma inxenua, deshonesta e pouco moral e roube a programación dunha asociación patrocinada pola Xunta de Galicia e a Deputación para que se diga que non fan nada, pero de súpeto aparece o logotipo do Concello de Vigo. Teño aquí a programación real onde aparece ese concerto, quen colabora e quen patrocina. É moi triste que o Concello de Vigo roube a man armada, atraque o traballo das demais persoas. Sei que vostede non ten nada que ver pero quero que o Sr. Domínguez Olveira se decate de que a Deputación e a Xunta de Galicia, o goberno do Sr. Núñez Feijóo, se preocupan pola cultura nesta cidade. Nun paseo de domingo é moi triste atoparse con carteis por toda a cidade cunha proposta na que o Concello non financiou absolutamente nada.

(Están ausentes as Sras. García Miguez, do Grupo Popular, e Silva Rego do Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece abstencións dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro e,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro do Grupo municipal Popular, Sr. Relova Quinteiro, instando a aprobación dunha proposta conxunta dos grupos municipais para a realización dun plan de acción cultural, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.3.- (100).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO O NOMEAMENTO DE RÚAS PARA O DR. ENRIQUE SUÁREZ GUNTÍN E DON MARCIAL LA FUENTE ESTEFANÍA. EXPTE. 468/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15.05.2012, número 468/1101, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Relova Quinteiro, formula a seguinte moción:

“O grupo municipal do Partido Popular desexa trasladar ao pleno e á sociedade viguesa o seu desexo de emprender un xusto recoñecemento do patrimonio histórico das persoas que fixeron historia nesta cidade, pola súa dedicación, polos seus traballos como investigadores, como escritores de fama internacional, etc. O proxecto do Partido Popular asume propostas de colectivos, personalidades que nos invitan a reflexionar sobre a historia ou patrimonio dos cidadáns e como se proxectaron en todo o mundo.

Por todo iso instamos ao goberno municipal a que propicie todos os recursos posibles para que a nosa cidade coñeza o labor das diferentes persoas que dun xeito ou outro exerceron como vigueses e deron a coñecer o seu traballo por todo o mundo.

Por todo isto, o grupo municipal popular somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

Instar ao Goberno do Concello de Vigo outorgar nomes de rúas aos seguintes valedores da nosa cidade:

1.- Dr. Enrique Suárez Guntín: o entrañable médico de Lavadores que polo seu comportamento durante medio século nese barrio chamaron o “médico dos pobres”.

2.- Don Marcial Lafuente Estefanía. Famoso escritor de novelas do Oeste, vinculado a Vigo, e á editorial Cíes.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 21 de maio do 2012, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. RELOVA QUINTEIRO: O Grupo municipal do Partido Popular desexa trasladar ao Pleno e á sociedade viguesa o seu desexo de emprender un xusto recoñecemento do patrimonio histórico das persoas que fixeron historia nesta cidade pola súa dedicación, polo seu traballo como investigadores, como escritores de fama internacional, etc.

O proxecto do Partido Popular asume propostas de colectivos e personalidades que nos invitan a reflexionar sobre a historia ou patrimonio dos cidadáns e como se proxectou en todo o mundo. É un xeito de recoñecer o gran patrimonio histórico de persoas ilustres que contribuíron ao desenvolvemento de Vigo e que marcaron un fito na historia recente da cidade.

Cremos que é un xeito de dar a coñecer e espertar o interese nas futuras xeracións por aquelas persoas que dende diferentes ámbitos fixeron das súas vidas, da súa obra, un exemplar comportamento ou en todo caso levaron o nome desta cidade polo mundo enteiro.

Por todo iso, instamos ao goberno municipal a que propicie todos os recursos posibles para que a nosa cidade recoñeza o labor das diferentes persoas que dun ou doutro xeito exerceron como vigueses e deron a coñecer o seu traballo por todo o mundo.

Como primeira proposta solicitamos que unha rúa de Vigo leve o nome dunha persoa neste caso moi querida pola nosa cidade: o doutor D. Enrique Suárez Guntín.

O doutor Enrique Suárez Guntín, en palabras de Fernando Franco foi o entrañable médico de Lavadores que polo seu comportamento durante medio século nese barrio chamaron “o médico dos pobres”. De lle houber preguntado como quería morrer, quizais diría que traballando. E así foi, Enrique Suárez morreu no seu posto de traballo, de combate tamén porque o seu era unha loita pola saúde nesa consulta médica de Lavadores na que cumpría cincuenta e un anos.

Non sofre quen se vai e menos Suárez que viviu con plenitude afectiva ata a súa inesperada morte; sofre quen queda e queda a dor da familia, da súa dona, Manoli, do seu fillo Enrique e de incontables amigos.

É certo que non puido morrer de xeito máis significativo e simbólico un médico do pobo coma el, conversando de saúde, aconsellando a un dos paisanos de Lavadores; médico que foi ata a máis inhóspita das vivendas para mesmo atender ao máis pobre dos seus moradores, mesmo dando diñeiro en troques de seren pagado.

Nado en 1931 en Lavadores, tras vivir oito anos no centro de Vigo volveu ao seu barrio en 1940 e en 1951 montou alí a súa casa e a súa consulta. Faleceu sen o agardar, pero co afecto e co recoñecemento de todos.

Saquei varias intervencións de persoeiros desta cidade e tamén atopei nas hemerotecas unha moi entrañable de D. Santiago Domínguez, quen daquela sabía que lle chamaban “o médico dos pobres” porque atendera a numerosas familias sen lles pedir nada a cambio: “A min curoume moitas veces, pero iso é o que menos importa porque o que levo del é a mellor lección da vida: a humildade e a grandeza de corazón”.

Soledad Antón tamén escribía que as portas da súa consulta estaban sempre abertas para todo o mundo, para os que se podían permitir pagar unha cita privada e para os que non. A sala de espera adoitaba estar abarrotada destes últimos.

Foi esa conxunción de profesionalidade e humanismo o que lle valeu o título de “Vigués Distinguido” en 1997. Coa humanidade que o caracterizaba dicía non entender por que el, xa que non fixera nada extraordinario.

A segunda proposta é Marcial Lafuente Estefanía que viviu entre 1903 e 1984. O pasado 5 de maio ás 8:30 horas proxectouse no Auditorio municipal deste Concello o documental “M.L. Estefanía, Galicia máis oeste ca nunca”, dirixido por

José Ballesta de Diego co patrocinio da Consellería de Cultura.

Mediante testemuñas e material de arquivo abordouse a figura de D. Marcial Lafuente Estefanía, popular autor de novelas do oeste que comezou a súa carreira en Vigo nos anos corenta e nada máis e nada menos que da man da Editorial Cíes, a primeira editorial galega de posguerra.

No documental entrevístanse a escritores como Fernando Savater, Méndez Ferrín, Francisco Ledesma, Eduardo Mendicuti ou Domingo Villar; especialistas como Carlos Abrahan e Pedro Puyalto.

Finalmente e a modo de pequena novela, o documental inclúe o considerado primeiro western galego ou “grelo western” estreado no Festival de Cans en maio do 2012.

Houbo un tempo non tan afastado no que da portería dunha finca, da guanteira dun taxi ou do peto dun mono de traballo asomaba unha pequena novela, non un reprodutor de música ou unha consola portátil. Marcial Lafuente Estefanía foi o rei dun grupo de obreiros da imaxinación, capaz de escribir unha novela á semana, creando un legado pouco coñecido para o público literario.

O que non se sabe é que esta persoa, Marcial Lafuente Estefanía, viviu, traballou e naceu como escritor de novelas aquí en Vigo, logo dunha historia moi complicada da Guerra civil.

SR. ALONSO PÉREZ: Non sei para que nos esforzamos no BNG cando pasamos polos gobernos en poñer un pouco de sentido común á hora de solucionar asuntos como os de poñer nomes a rúas, porque unha vez que saímos do goberno volvemos outra volta a catro anos atrás, a non utilizar a racionalidade, o sentido común e a falar das cousas.

Cando o noso compañeiro, Xesús López Carreira era concelleiro de Cultura esta cuestión resolvíase do seguinte xeito: existía unha comisión na que estabamos os tres partidos políticos, PSOE-BNG-PP, e por unanimidade se resolvía cuns criterios acordados polos tres grupos.

Primeiro criterio: de existiren, poñer o nome do lugar, a denominación da zona e se os veciños lle chaman dunha forma determinada, que ese sexa o criterio.

Segundo criterio: hai unha descompensación entre o número de homes que teñen rúa e mulleres. Este segundo criterio e que o nome sexa de muller. Xa

sabemos que para o Partido Popular non hai mulleres en Vigo que fixeran historia en merezan o nome dunha rúa. Para o Partido Popular ese criterio non serve.

Nós non temos nada en contra das dúas persoas propostas pero non manteñen os criterios acordados polos tres grupos que acabo de mencionar, criterio número un e número dous, rompen o criterio.

O primeiro que ten que facer o goberno é convocar a comisión e se o Partido Popular quere romper os criterios acordados polo goberno anterior terao que dicir, dicir que hai dúas propostas de homes porque non teñen ningunha muller que mereza ese recoñecemento e logo o valoraremos os tres grupos.

Poden dicir vostedes o que lles pete pero a realidade é que puxeron dous homes contra o criterio acordado pola anterior comisión. Vostedes enrólanse, dan leccións pero non aplican nin o sentido común nin os acordos, rómpenos porque non teñen criterio histórico. Cada mandato cambian vostedes os concelleiros e concelleiras e os novos nunca asumen unha decisión do anterior mandato.

Nós si. No BNG temos unha historia, dicimos o mesmo no goberno ca na oposición e sempre somos coherentes coas nosas decisións e cando non o somos sometémonos ao debate. Pero vostedes como norma non se lembran do que fixeron antes.

Nós imos votar en contra desta proposta aclarando que non temos nada en contra do recoñecemento das dúas persoas propostas. Ademais cremos que fraco favor lles fan a estas dúas persoas propostas porque non era o criterio da comisión.

Solicitamos do goberno que, de haberen rúas novas, reúna o máis axiña posible á comisión, se consideren os anteriores criterios cos que o BNG segue concordando que son os topónimos do lugar e dar prioridade aos nomes de mulleres.

A partir de aí estamos dispostos a seguir estudando outras propostas, pero con estes criterios a estas votamos que non.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Eu teño unha obsesión e malia o meu carácter que pode ser máis ou menos alegre, divertido ou optimista, si existe un profundo respecto á democracia e ás normas das que nós mesmos nos dotamos.

Estou completamente de acordo con vostede, Sr. Alonso. Fun na busca do Regulamento para o nomeamento de rúas e efectivamente hai que convocar a

Comisión de Cultura, de feito, nesta comisión e pola Asociación veciñal de Lavadores entrou o pedimento que fai vostede do médico dos pobres de Lavadores pero, por ese respecto aos procedementos, queda pendente de convocar a Comisión de Cultura que é a que ten que decidir a orde e a forma dos nomes de rúas.

O Regulamento di: “A moción proposta ou petición, despois de ser informada pola Comisión de Cultura integrada por todos os grupos políticos, someterase ao Pleno da Corporación debendo contar coa maioría absoluta”. Tamén hai un acordo plenario do 27 de xullo do 2006 no que se pon de manifesto a necesidade de poñer nomes de mulleres ás rúas do municipio.

Está pendente unha petición de dar nome de catro mulleres a unha rúa: María Araúxo, Concepción Pérez Iglesias, María Mariño e Enriqueta Otero Blanco. En canto aos nomes de homes: Poeta Carlos Oroza, propostos polo cronista oficial de Vigo que están pendentes son: Tenreiro, Padre Villa Geliu, Colombo, Cosme, Irmáns Salgado, as rúas da Muralla, propostos polo Instituto de Estudos Vigueses, Abade de Valladares, Luís Gras, doutor Marco Angulo, 28 de xuño proposto polo colectivo de gays, lesbianas, transexuais e bisexuais...

Todos estes nomes están pendentes e imos votar en contra porque debemos cumprir coas normas que nós mesmos establecemos.

SR. RELOVA QUINTEIRO: A ninguén deste Grupo municipal do Partido Popular lle vai dar leccións sobre temas que teñan que ver coa muller.

Paréceme que volvemos ao século XIX. Utilizamos argumentacións verdadeiramente patéticas e lamento que o nivel intelectual deste Pleno baixara tanto. Mágoa, coido que nin o Sr. Domínguez Olveira, nin a Sra. Veloso están de acordo co que escoitaron do seu compañeiro e do estaren eu lamentaríao moito.

O meu problema é que digo as cousas mirando á cara. Vostedes van polo baixo e polos rumores.

Non ten sentido que siga con esta moción, mágoa porque se trata de dúas persoas vinculadas coa historia e a proxección de Vigo.

Ao Grupo do Partido Popular non lle van dar leccións, pero a min menos porque temos aínda máis ideas que achegar e só temos unha única escusa: buscar na historia, xustificar a presenza de certas cuestións que se están a esquecer.

Non teño máis que engadir senón que se convoque esa comisión, pero lamento esta situación e pido de verdade que non esquezamos o noso patrimonio histórico porque o construíron homes e mulleres, mulleres e homes sen diferenza.

Que ninguén lle dea leccións ao Grupo municipal do Partido Popular sobre mulleres e homes ou sobre mulleres traballadoras. Coñecemos moi ben todos eses aspectos.

(Están ausentes as Sras. García Miguez, do Grupo Popular, e Silva Rego do Grupo Socialista).

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos e doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Relova Quinteiro, relativa ao nomeamento de rúas para o Dr. Suárez Guntín e para o Sr. Lafuente Estefanía, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓNS URXENTES

Non se presentaron.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA EN RESPONSA Á SRA. CENDÓN ALONSO: Que eu saiba non entrou en prazo ningunha moción urxente.

Sra. Cendón, a súa moción non foi presentada polo trámite urxencia. Xa dixemos

aquí outras veces que as mocións urxentes se teñen que presentar con vinte e catro horas de antelación para que a coñezan os grupos e se poidan definir.

Sr. secretario, presentouse a moción en prazo?

SR. SECRETARIO DO PLENO: Como vostede sabe, presentouse un minuto antes do comezo deste Pleno.

É certo que se presentou no Rexistro da Secretaría do Pleno o 15 de maio, pero o que esixe o Regulamento é que a presentación de mocións por razóns de urxencia se presenten polo menos vinte e catro horas antes do comezo do Pleno. Eu non lles puiden trasladar esta moción aos demais grupos políticos para o seu coñecemento porque se presentou un minuto antes co cal estaríase incumprindo o Regulamento.

Non había razóns de urxencia. Noutras ocasións vostedes na propia Xunta de Voceiros comunicaron que presentarían unha moción de urxencia e nese momento a dita moción se lle trasladaría aos demais grupos. Pero iso non sucedeu o xoves cando se acordou a orde do día desta sesión.

A PRESIDENCIA: Sra. Cendón, se non lle importa seguiremos o criterio do secretario.

5.-(101).- FORMULACIÓN DE ROGOS.

* ROGO FORMULADO POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA, RELATIVO Á SITUACIÓN DO SERVIZO DE CORREOS DE VIGO.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Nos últimos días ao Grupo municipal do BNG, a través de conversas cos sindicatos representativos, chegaron novas da situación que esta a acontecer no servizo de Correos da nosa cidade. Unha situación grave e problemática porque só xa na Unidade de Reparto nº 1 de Vigo na praza de Compostela, vanse reducir a partir do día 1 do mes que ven nada mais e nada menos que un 25% dos efectivos nesa unidade. De 52 traballadores e

traballadoras vaise reducir nada mais e nada menos que en 13 persoas. Sabemos ademais que os tres sindicatos remitiron un escrito a este Concello.

Xa que nós só temos a posibilidade de presentar unha moción por Pleno e xa presentáramos outra do sistema educativo, o rogo é que o Alcalde faga as xestións oportunas diante do ministerio correspondente para que polo menos nos aclaren cal é a situación do servizo de Correos na cidade e reclame e inste a ese goberno a que non se perda ni un só posto de traballo nun servizo público esencial para a nosa cidade.

A PRESIDENCIA : Moitas gracias Sr. Domínguez Olveira, aínda non recibín o escrito pero co seu rogo xa abonda. Por tanto faremos as xestións no nome de polo menos dous grupos, Socialista e BNG, e do grupo Popular se se quere engadir.

* ROGO FORMULADO POLA SRA. ALONSO ALONSO, DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, RELATIVO Á PRESENTACIÓN DAS MOCIÓN S POLOS DISTINTOS GRUPOS.

SRA. ALONSO ALONSO: Nestes meses estanse a presentar mocións no Pleno co mesmo asunto. Eu fágolles o rogo aos concelleiros para que cumpran o artigo 82 do Regulamento, onde no punto dous dise que cando unha moción sexa tratada polo Pleno, nos se poderá presentar unha nova moción sobre o mesmo asunto no prazo dun ano. Iso significa que aínda que se cambien catro liñas da moción, se contén o mesmo asunto non se pode presentar.

Rógolles aos concelleiros que cumpran co Regulamento. Gracias

PRESIDENCIA: Moitas gracias, Sra. Concelleira, como vostede ben sabe para os efectos do Regulamento quen vela polo seu cumprimento é o secretario da Corporación.

6.-(102).- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

- * PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. ÁLVAREZ PÉREZ, RELATIVA A CONSTITUCIÓN DA MESA DE COMERCIO LOCAL.

SR. ÁLVAREZ PÉREZ: Esta é unha pregunta para o Sr. Rodríguez Escudero. Gustaríanos saber por que non se invitou a participar na constitución da Mesa de Comercio Local en decembro do 2011 a ningún membro da oposición desta Corporación, mantendo así o principio de proporcionalidade polo que democraticamente se rexe a mesma. Sobre todo partindo da base de que por parte do Concello de Vigo a súa representación, segundo a lei vixente, deberá igualar á representación das asociacións de persoas, comerciantes e consumidores, sendo neste caso de doce persoas.

A PRESIDENCIA: Moitas gracias, contestaráselle por escrito.

- * PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SRA. VELOSO RÍOS, RELATIVA AS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS CO GALLO DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS.

SRA. VELOSO RÍOS: A miña primeira pregunta refírese ás actividades desenvolvidas polo Concello de Vigo co gallo do 17 de maio, Día das Letras Galegas.

Sabendo que se nos contestará por escrito, a pregunta concreta consiste en saber cales foron as actividades desenvolvidas polas distintas concellerías especificamente relacionadas co gallo do Día das Letras Galegas, non as actividades habituais do Servizo de Normalización Lingüística, senón as actividades específicas preparadas polas distintas concellerías para celebrar o Día das Letras Galegas. Ademais disto saber que orzamento se lles dedicou a estas actividades sabendo que ademais o orzamento está prorrogado e que efectivamente se contaba nas concellerías co mesmo orzamento que o ano pasado.

Ao mesmo tempo saber o orzamento dedicado a outra actividade que se celebrou nas mesmas datas: a Feira de Abril, na que este goberno municipal si participou. Saber tamén que orzamento se lle dedicou a esta actividade que se celebrou nas mesmas datas do Día das Letras Galegas e que contrastou co a ausencia de actividades específicas por parte de este Concello, á parte do acto central que xa estaba acordado dende hai meses, tanto coa Xunta de Galicia como coa Real Academia Galega.

A PRESIDENCIA: Moitas gracias, Sra. Veloso, contestaráselle por escrito, sobre todo o que se refire aos actos do Día das Letras Galegas porque foron tantos que se o facemos oralmente estaríamos aquí probablemente unha hora. En canto á dotación presupostaria seguramente bastante mais, dende logo mais ca do ano pasado e ca os outros anos.

Con respecto ao apoio á Casa de Andalucía para unha celebración, foi de cero euros. Iso si se pode contestar porque e moi rápido

* PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SRA. VELOSO RÍOS, RELATIVA Á CONTRATACIÓN DO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN FAMILIAR.

SRA. VELOSO RÍOS: Este Concello conta cun Programa de intervención familiar desenvolvido dende a de Concellería de Benestar Social que ten como obxectivo a intervención con menores en situación de risco e a atención socio-familiar. Este programa vense desenvolvendo e agora mesmo xa tiña que ter saído o novo contrato de adxudicación. Estanse levando regularmente á Xunta de Goberno indemnizacións substitutivas para lle pagar á empresa que está desenvolvendo agora mesmo o Programa sen que saíse a concurso o contrato, cando o prego de cláusulas administrativas para a contratación deste servizo por procedemento aberto ten o visado da Asesoría Xurídica do Concello dende o mes de marzo de 2011. Tanto o prego técnico como o de cláusulas administrativas están elaborados e visados xa pola Asesoría Xurídica dende o ano pasado, en varias ocasións foron á Mesa de Contratación pero este contrato non dá saído, no se dá

adxudicado.

Queremos saber por que aínda non se convocou o procedemento de contratación e por que non se adxudicou este contrato. Ademais entendemos que agora mesmo xa é urxente porque o prego técnico inclúe algunhas actividades que agora non están contempladas, como por exemplo os obradoiros de ocio socio-educativo para os meses de xullo e agosto, cando xullo esta á volta da esquina. Entendemos que é moi urxente que se contrate este servizo

A PRESIDENCIA: Contestarémolles por escrito.

* PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SRA. CENDÓN ALONSO, RELATIVA Á TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN FAMILIAR.

SRA. CENDÓN ALONSO: Para non reiterar o que dixo a Sra. Veloso, sinxelamente quería matizar un pouco a última pregunta que fixo.

A Sra. Veloso dixo que o Programa de intervención familiar fora á Mesa de Contratación. Efectivamente requiría dun novo informe. Ese informe emitiuse pero non se incluíu o Programa de infancia e familia nas tres últimas Mesas de Contratación e por iso preguntamos pola data na que se vai incluír.

A PRESIDENCIA: Supoño que esa é unha moción. O de cando se vai incluír será unha moción, pois se o presenta como moción lle contestaremos, se é como pregunta, tomaremos nota

SRA. CENDÓN ALONSO: Xa na última pregunta do anterior Pleno me dixo que presentara unha moción, presenteina hoxe e non ma deixou debater.

A PRESIDENCIA: Non é así. Sexa respectuosa coas normas democráticas porque as hai que respectar. A moción catalogouse claramente como non urxente. Vostede puido presentala como moción normal pero optou por non o facer así.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e trinta e un minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ao previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.